

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

27 de outubro de 2023

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e sete de outubro de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. María Nava Castro Domínguez (PP), D^a. María Isabel Couselo Torres (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D^a. Marta María Fernández-Tapias Núñez (PP), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasaola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. José Carlos López Campos (PP), D. Carlos López Font (PSdeG-PSOE), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste a Sra. Deputada D^a. María Sandra Bastos Míguez (PP).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

Sr. Presidente.- Moi bo día a todos e a todas, e vamos a dar comezo a este Pleno ordinario previsto para as 12 da mañá.



1.8062.- **APROBACIÓN DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS ANTERIORES SESIÓNS EXTRAORDINARIA E ORDINARIA DOS DÍAS 15 E 29 DE SETEMBRO, RESPECTIVAMENTE**

Sr. Presidente.- E como primeiro punto da orde do día, que é a aprobación dos borradores das actas das sesións anteriores, había unha extraordinaria do 15 de setembro e a ordinaria xa do 29 de setembro. E vamos a, non sei si por parte dos voceiros dos distintos grupos hai algunha aportación que realizar ao respecto, e vamos a proceder á votación e a facemos de xeito individualizado. Vamos a votar a da sesión extraordinaria do 15 de setembro ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade. ¿Votos a favor da acta da sesión ordinaria do 29 de setembro? Queda aprobada por unanimidade.

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións extraordinaria e ordinaria dos días 15 e 29 de setembro de 2023.

a) Parte resolutiva:

2.8063.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE SANXENXO NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DOS TRIBUTOS, PREZOS PÚBLICOS E DEMAIS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PERTENCENTES AO ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO (EXPTES. 2023063973 - 2023059131)**

Sr. Presidente.- Segundo punto da orde do día. Delegación de competencias do Concello de Sanxenxo na Deputación para desenvolver as facultades de recadación en vía executiva dos tributos, prezos públicos e demais ingresos de dereito público pertencentes ao organismo autónomo Terra de Sanxenxo. Ten a palabra o Voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Bos días. O Concello de Sanxenxo na sesión plenaria que tivo lugar o día 27 de setembro de 2021, acordou delegar expresamente na Deputación provincial as facultades de recadación en vía executiva dos tributos, prezos públicos e demais ingresos de dereito público pertencentes ao organismo autónomo Terras de Sanxenxo. De acordo coa proposta emitida pola dirección dos servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión



Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno da Deputación trae como proposta o seguinte acordo: Aceptar a delegación efectuada polo Concello de Sanxenxo, que se reflicte no acordo adoptado polo pleno do citado concello na sesión que tivo lugar o día 27 de setembro de 2021 en relación coas facultades de recadación en vía executiva dos tributos, prezos públicos e demais ingresos de dereito público do organismo autónomo Terra de Sanxenxo. Punto 2: a delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación, darase conta ao Concello de Sanxenxo do contido íntegro deste acordo i farase público este acordo de delegación mediante inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia. Máis nada Presidente.

Sr. Presidente.- *(Non se escoita)* ...por un membro. Bueno pois procedemos á votación deste segundo punto da orde do día que é a delegación de competencias do Concello de Sanxenxo na Deputación para desenvolver as facultades de recadación en vía executiva dos tributos, prezos públicos e demais ingresos de dereito público pertencentes ao organismo autónomo Terra de Sanxenxo ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Concello de Sanxenxo na sesión que tivo lugar o día 27 de setembro de 2021 acordou delegar expresamente na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de Recadación en vía executiva dos tributos, prezos públicos e demais ingresos de dereito público pertencentes ao Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, tal e como consta na certificación asinada polo Secretario do concello que consta neste expediente por ter sido remitida polo propio concello a esta Deputación Pontevedra – ORAL.

O artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Tal e como consta no informe favorable emitido polo Servizo Xurídico en data 14 de setembro de 2023, o acordo de delegación lévase a cabo pola entidade local



Concello de Sanxenxo e adóptase en sesión plenaria de data 27 de setembro de 2021 (entrada no órgano ORAL o día 31 de agosto de 2023) e é complementario ao acordo adoptado polo mesmo en data 25 de setembro de 1992, facendo referencia expresa aos ingresos de dereito público pertencentes ao Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo, cuxos estatutos foron aprobados definitivamente en data 4 de maio de 2004.

Sendo que a adopción do acordo de delegación polo concello é anterior á publicación da “*Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra*”, en data 14 de xuño de 2023 por esta Deputación provincial, necesariamente o acordo de aceptación da delegación por parte do Pleno deste ente debe condicionarse e adecuarse, no seu exercicio, ao establecido na citada Ordenanza. En especial, polo que fai referencia ao período temporal da delegación, máxime atendendo ao establecido ao respecto na Lei 40/2015, de 1 de outubro. Neste senso, a Base 32 da Ordenanza vixente xa fai referencia a que a delegación estará vixente ata o momento da súa revogación.

O acordo de delegación do concello detalla nun apartado específico a “*Normativa de aplicación*” que se entende que rexerá na delegación que se efectúa.

Nel di textualmente “*A delegación sométese ás condicións establecidas na seguinte normativa aprobada polo Pleno da Deputación : (...) e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa (...)*”, polo que se deberá entender que calquera especificación que o acordo do Pleno faga ao respecto das condicións de exercicio ou vixencia da delegación están afectadas pola Ordenanza antes citada e que forma parte das “*(...) demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa*”. Esta normativa foi ademais obxecto de consulta pública (art. 133 da Lei 39/2015), polo que puidera afectar aos intereses sobre as delegacións efectuadas con anterioridade á norma que se pretendía aprobar. Por conseguinte, resulta de aplicación á integridade das delegacións que se leven a cabo por parte dos concellos en favor da Deputación de Pontevedra na materia obxecto desta proposta.

Polo Servizo de Recadación-Tesourería, emítese informe favorable á asunción das tarefas derivadas desta delegación, deixando expreso os límites que a Deputación–ORAL ten para a cobrabilidade de valores de escasa contía, tendo



en conta o actual procedemento de remisión a AEAT sobre a base do convenio formalizado entre a FEMP e a AEAT ao que está subscrito esta Deputación.

De acordo coa proposta emitida pola Dirección de Servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a delegación efectuada polo Concello de Sanxenxo que se reflicte no acordo adoptado polo Pleno do citado concello na sesión que tivo lugar o día 27 de setembro de 2021, conforme co disposto no artigo 7 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, en relación coas facultades de Recadación en vía executiva dos tributos, prezos públicos e demais ingresos de dereito público do O.A. Terra de Sanxenxo.

Segundo.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

Terceiro.- Dar conta ao Concello de Sanxenxo do contido íntegro deste acordo.

Cuarto.- Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

3.8064.- **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE BARRO NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DA FASE INSTRUTORA E DA COLABORACIÓN NA TRAMITACIÓN DO**



PROCEDIMIENTO SANCIONADOR EN MATERIA DE TRÁFICO E DAS FACULTADES DE RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO (EXPTES. 2023063975 – 2023035405)

Sr. Presidente.- Segundo punto, terceiro punto da orde do día. Delegación de competencias do Concello de Barro na Deputación para desenvolver as facultades da fase instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico. Ten a palabra o Voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- O Concello de Barro na sesión plenaria que tivo lugar o 20 de abril de 2023, acordou delegar na Deputación provincial as facultades da fase instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación de Pontevedra. De acordo coa proposta emitida pola dirección de servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno da Deputación trae a seguinte proposta de acordo: Un, aceptar a delegación das facultades da fase instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico efectuada polo Concello de Barro. Punto 2, a delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación provincial. Darase conta ao Concello de Barro do contido íntegro deste acordo e farase público este acordo de delegación mediante inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia i no Diario Oficial de Galicia. Máis nada Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas grazas. Non sei si algún, vale, procedemos á votación. Votos, relacionado con terceiro punto da orde do día, que é, Delegación de competencias do Concello de Barro na Deputación para desenvolver as facultades da fase instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico ¿Votos a favor? Queda aprobado por unanimidade.

O Pleno do Concello de Barro na sesión que tivo lugar o día 20 de abril de 2023 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades propias da fase Instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico nos



termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra – ORAL e que consta no expediente.

O artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Tal e como consta no informe xurídico complementario emitido polo Servizo Xurídico en data 26 de setembro de 2023, en data 16/05/2023 emitíuse informe xurídico favorable á citada delegación ao non apreciarse vulneración da normativa aplicable e reunir os requisitos esixidos polas diversas disposicións que regulan a materia na Deputación de Pontevedra. Non obstante, como a adopción do acordo polo Concello de Barro é anterior á publicación da “*Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra*”, no BOPPO de 14 de xuño de 2023, o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra de aceptación da citada delegación debe condicionarse e adecuarse, no seu exercicio, ao establecido na citada Ordenanza. En especial, polo que respecta ao período temporal da delegación, xa que, neste senso, a Base 32 da Ordenanza fai referencia a que a delegación estará vixente ata o momento da súa revogación.

O acordo do Concello de Barro detalla nun apartado específico a “*Normativa*”, no que di textualmente “*A delegación sométese ás condicións establecidas na seguinte normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: (...) e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa (...)*”, polo que se deberá entender que calquera especificación que o acordo do Pleno faga ao respecto das condicións do exercicio ou vixencia delegación está afectada pola Ordenanza antes citada e que forma parte das “*(...) demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa*”. Esta normativa foi, ademais, obxecto de consulta pública (art. 133 da Lei 39/2015), polo que puidera afectar aos intereses sobre as delegacións efectuadas con anterioridade á norma que se pretendía aprobar. Por conseguinte, resulta de aplicación á integridade das delegacións de



competencias que se leven a cabo por parte dos concellos en favor da Deputación de Pontevedra.

Polo Servizo de Recadación-Tesourería, Servizo de Xestión de Recursos Públicos e Inspección e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra-ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta delegación.

De acordo coa proposta emitida pola Dirección de Servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a delegación das facultades da fase Instrutora e da colaboración na tramitación do procedemento sancionador en materia de tráfico e das facultades de recadación das multas de tráfico efectuada polo Concello de Barro, segundo acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o 20 de abril de 2023, nos termos reflectidos no referido acordo.

Segundo.- A delegación sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

Terceiro.- Dar conta ao Concello de Barro do contido íntegro deste acordo.

Cuarto.- Facer público este acordo de delegación mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

4.8065.- **INCLUSIÓN DO CONCELLO DE ARBO NO ÁMBITO DE APLICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL ENTRE A SECRETARÍA DE ESTADO DE FACENDA (DIRECCIÓN XERAL DO CATASTRO) E ESTA DEPUTACIÓN (EXPTES.**



2023063978 – 2023033103)

Sr. Presidente.- Vamos a proceder o cuarto punto da orde do día que é a inclusión do Concello de Arbo no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda e esta Deputación. Ten a palabra o Voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- O Concello de Arbo pola súa banda, na sesión plenaria que tivo lugar o día 2 de maio de 2023, acordou a inclusión do concello no ámbito da aplicación do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda i a Deputación Provincial de Pontevedra, nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación de Pontevedra. De acordo coa proposta emitida pola dirección de servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno da Deputación trae a seguinte proposta de acordo: Un: aceptar a inclusión do Concello de Arbo no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda e a Deputación provincial de Pontevedra segundo o acordo do pleno do citado concello. A inclusión sométese ás condicións establecidas na propia normativa aprobada polo pleno da Deputación; e dito acordo darase conta ao Concello de Arbo nas seguintes xornadas. O punto 4 dará conta á Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra do acordo plenario adoptado polo Concello de Arbo e do contido íntegro do presente acordo. Máis nada Presidente.

Sr. Presidente.- ¿Algún comentario? Nada. Pois procedemos, entón, á votación do punto número 4 que é inclusión do Concello de Arbo no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración en materia de xestión catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda e esta Deputación ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

O Pleno do Concello de Arbo na sesión que tivo lugar o día 2 de maio de 2023 acordou a inclusión do dito concello no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración en materia de Xestión Catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial de Pontevedra nos termos que constan na certificación do acordo remitido polo mesmo a esta Deputación Pontevedra–ORAL e que consta no expediente.



O artigo 7 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.

Tal e como consta no informe xurídico complementario emitido polo Servizo Xurídico en data 26 de setembro de 2023, en data 09/05/2023 emitíuse informe xurídico favorable á citada inclusión ao non apreciarse vulneración da normativa aplicable e reunir os requisitos esixidos polas diversas disposicións que regulan a materia na Deputación de Pontevedra. Non obstante, como a adopción do acordo polo Concello de Arbo é anterior á publicación da “*Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra*”, no BOPPO de 14 de xuño de 2023, o acordo do Pleno da Deputación de Pontevedra de aceptación da adhesión ao Convenio catastral debe condicionarse e adecuarse, no seu exercicio, ao establecido na citada Ordenanza, tanto no que fai referencia ao período temporal da inclusión do dito concello no ámbito de aplicación do Convenio catastral como ao exercicio de competencias da xestión catastral (BASES 9 e 24 da Ordenanza).

O acordo do Concello de Arbo detalla nun apartado específico a “Normativa reguladora”, no que di textualmente “*A inclusión no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración asinado entre a Secretaría de Estado de Facenda e a Deputación de Pontevedra-ORAL sométese ás condicións establecidas na seguinte normativa aprobada polo Pleno da Deputación: (...) e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa (...)*”, polo que se deberá entender que calquera especificación que o acordo do Pleno faga ao respecto das condicións do exercicio ou vixencia da adhesión ao convenio de colaboración en materia catastral está afectada pola Ordenanza antes citada e que forma parte das “*(...) demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa*”. Esta normativa foi, ademais, obxecto de consulta pública (art. 133 da Lei 39/2015), polo que puidera afectar aos intereses sobre as delegacións, encomendas de funcións e inclusións no



ámbito do Convenio catastral efectuadas con anterioridade á norma que se pretendía aprobar.

Polo Servizo de Xestión Catastral e Tributaria do IBI e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra–ORAL, emitíronse informes favorables relativos á aceptación desta adhesión.

O convenio subscrito entre esta Deputación Pontevedra e a Dirección Xeral do Catastro conta publicado no BOE N° 311, de 28 de decembro de 2021, no que se especifica a obrigatoriedade de comunicar á Xerencia Territorial do Catastro correspondente calquera variación ou actualización dos municipios incluídos ou excluídos no ámbito de aplicación do Convenio, mediante remisión de copia certificada do acordo plenario do concello e a aceptación da devandita adhesión por parte desta Deputación.

De acordo coa proposta emitida pola Dirección de Servizos do ORAL e de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aceptar a inclusión do Concello de Arbo no ámbito de aplicación do Convenio de colaboración en materia de Xestión Catastral entre a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e a Deputación Provincial de Pontevedra segundo acordo do Pleno do citado concello adoptado na sesión que tivo lugar o día 2 de maio de 2023.

Segundo.- A inclusión sométese ás condicións establecidas na normativa aprobada polo Pleno da Deputación Provincial: Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL), Ordenanza reguladora das relacións interadministrativas consecuencia da delegación de competencias ou encomenda de funcións na Deputación Provincial de Pontevedra aprobada definitivamente pola Deputación e publicada no BOPPO en data 14 de xuño de 2023 e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

Terceiro.- Dar conta ao Concello de Arbo do contido integro deste acordo.



Cuarto.- Dar conta á Xerencia Territorial do Catastro de Pontevedra do acordo plenario adoptado polo Concello de Arbo e do contido íntegro do presente acordo.

5.8066.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 7/2023 (EXPTES. 2023063981 – 2023063384)**

Sr. Presidente.- Quinto punto da orde do día. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 7/2023. Ten a palabra o Voceiro, do Grupo Provincial do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben, propónse neste punto ao Pleno da Deputación de Pontevedra a aprobación do expediente de modificación de crédito número 7/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios por un importe de 4,3 millóns de euros e suplementos de créditos por importe de medio millón de euros. A tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte, por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento do presente exercicio. Pola súa parte, o crédito extraordinario finánciase con baixas por anulación por un importe de 2,3 millóns de euros que proceden dos plans para investimentos en compostaxe e mobilidade de exercicios anteriores nos importes que corresponden a sobrantes ou baixas. Os reinvestmentos nos Concellos de Moaña e Pontearreas, así a rehabilitación do edificio do Concello Vello de Moaña financiado a cargo do Reacon obtivo financiación do Ministerio a través dos fondos do PIREP local, cunha achega do 42% cun importe de 119.600 euros i a renuncia do Concello de Pontearreas ao proxecto de humanización da avenida Sarmiento Ribera entre a avenida Rosalía de Castro e a rúa Redondela, un importe que ascende a 189.100 euros, i pola súa banda coas maiores achegas a conta sobre as previstas no concepto de cesión do IRPF por un importe de 1,7 millóns de euros. Pola súa parte, os suplementos de créditos finánciase na súa totalidade con maiores achegas a contas sobre as previstas coa cesión do IRPF, por un importe de 510.000 euros, que suporá aplicar a suba do 0,5 das retribucións do persoal desta casa. Intervención emite informe de data 17 de outubro de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financia. Os fondos correspondentes aos créditos extraordinarios destinaranse por parte desta corporación i do goberno provincial a: un Plan de infraestruturas deportivas dotado con 4 millóns de euros



para concellos de menos de 50.000 habitantes. 2.- Investimentos no Concello de Moaña para ampliación de pluviais e renovación do pavimento na Travesía Estrada de Marín-Fonte Bieita e Camiño de Fondón, por importe de 119.600 euros. Tamén investimentos no Concello de Pontearreas para melloras no centro social, nas instalacións deportivas de Pardellas, a reconstrución da Ponte de Fontenla e a construción dunha nova ludoteca por un importe de 189.100 euros. En total suman cento, perdón, en total suman 4,3 millóns de euros. Rematei Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Cubela. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo. Grazas Sr. Presidente. Bo día a todas e a todos. Ben, estamos ante unha modificación de crédito, a segunda deste mandato, e na primeira votamos a favor, vimos razoabel o que viña naquela modificación pero non podemos facer o mesmo con esta, ¿non? ¿Por que? bueno, onte o explicamos publicamente, hoxe o reiteramos neste Pleno, ¿non?, con máis detalle. Eu agradezo as palabras que hai uns minutos que soltou o Presidente aclarando que realmente se van a cargar tanto o Agora como o Revitaliza, ¿non?, que o van a difuminar; pero me parece que é francamente grave, ¿non?, e digo as razóns: Creo que por imposición da Unión Europea o 31 de decembro deste ano todos os concellos da provincia teñen que ter o sistema de recollida de bioresíduos, os de menos de 5.000 a finais e os demais xa terían que telo o 30 de xuño de 2022. Como sempre vamos mal en prazos cos residuos, polo tanto, darlle un impulso sería absolutamente fundamental, todo ao contrario, se lle quitan os fondos e demais. Ben, hai uns, efectivamente, hai uns remanentes do 21, do 22, pero hai unha razón que creo que, bueno, que non se tuvo en conta e creo que é francamente desafortunado afirmar que é porque non tiñan interese os concellos, bueno, eu non sei si teñen interese ou non en cumprir a normativa o barrazo vaille vir, o barrazo vaille vir, ou sea, o Estado xa derivou as posibles consecuencias dunha sanción ás comunidades autónomas e as comunidades autónomas, léase a Lei 6/2021 de Galiza, pois a desvía aos concellos, ou sea que lle vai chegar, vaille a chegar a sanción por non cumprir os obxectivos que estaban para o ano 20 nin agora cumprir os que había para o ano 23. E a razón, digamos, da demora, deixar para este mandato este impulso pois foi porque quen o tiña que impulsar, que era Carlos Pérez, pois estuvo en, non grave, estuvo na UCI case tres meses, creo que é unha razón que non ten nada que ver, Sr. Presidente, con que teñan interese ou non os concellos, non ten nin de desidia están aí, está aí o expediente e as baixas que por desgracia hoxe está entre nós



pero estuvo case máis alá que acá e agora pois había que nomear alguén que o impulsara e demais. E con respecto a, e polo tanto, non había ningunha urxencia en quitalo, creo que é unha cuestión de, o contrario había que impulsalo para que os concellos poidan cumprir coas súas obrigas. Ben, razón non hai ningunha, terán número de mans para levantar pero desde logo parécenos, razón non hai ningunha e as consecuencias vámolos a ver, vámolos a ver co tempo. Tamén vai haber outras consecuencias, ¿non?, se eliminan, se lle quitan os fondos ao Ágora, que, por certo, pediron os concellos e quedara un remanente para volver a sacalo que se deixou para este mandato. Ou sea, si o fixemos, o anterior goberno, se o fixemos antes do cambio do mandato mal porque agotamos as partidas e senón agotamos as partidas mal porque así non tiñamos interese, a verdade é que non hai quen o entenda, non hai quen o entenda; outras cousas, vostedes teñen outras decisións, teñen mans para levantar pero razón me parece que moi pouquiña e eu teño realmente, xa nos enteraremos, que cando chamen ¿non? polo Ágora, cando chame a Dirección Xeral de Tráfico ou o concello de non sei donde, ou non sei donde, direi, non, mire os invitan como bo exemplo ou para premialos din, non, mire, é que nos vamos a cargar; home teño interese en ver como se explican ou si van alí a decir que é unha marabilla pero despois resulta que na práctica pois lle quitan os fondos e o deixan vexetar, comprenderá que en esta situación vamos a votar en contra, obviamente.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Mosquera. Ten a palabra o voceiro do Grupo Provincial do Partido Socialista, D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- Gracias Presidente, buenos días a todas y a todos. Suena a música celestial oírle al Sr. Cubela mencionar el Reacon, por fin le llama a las cosas por su nombre. Bueno, hoy es un día para felicitarnos de la buena salud financiera de esta Diputación, una administración que en plena recta final del ejercicio anual tiene sobrado margen financiero para hacer la segunda modificación, después del cambio de gobierno, es para felicitarnos. Una Diputación que puede modificar en torno a 6 millones de euros para financiar nuevos proyectos, incluidos los 4 millones del Plan de infraestructuras deportivas, demuestra que es una Diputación que tiene sin duda mucho margen presupuestario. No hacen falta más argumentos para evidenciar que el Sr. Presidente faltó a la verdad, por decirlo de manera suave, en el mes de septiembre cuando en una rueda de prensa dijo “que todas las partidas estaban agotadas, que no había margen de aquí a fin de año, que la situación financiera era precaria y que no había dinero en los cajones”. Alegó un informe de



evaluación interna que hemos pedido que no aparece, que reiteramos y que no aparece de ninguna manera. Lo único substancial en esta modificación de créditos son los 4 millones del Plan especial de infraestructuras deportivas PEI, llega con un nombre de la época de Louzán pero el problema es que es como la época de Louzán. Un plan opaco a mas no poder y del que vamos a votar aquí la creación de una partida sin tener absolutamente idea de nada. Pongamos en contraste esto con lo que hacía el anterior gobierno, las dos últimas veces que aquí se ha votado un plan especial, Reacon y PON2030, las cosas fueron muy distintas. Los planes estaban incluidos en el presupuesto, superaban los 20 millones permitiendo obras de calado, y algo más importante hasta la última línea de la letra pequeña fue explicada presencialmente a los alcaldes y alcaldesas de forma previa, por lo tanto, las señoras y señores diputados, que aquí votaron en el pleno, conocían las bases, los plazos de presentación, solicitudes y es verdad que aun así el PP puso pegos. Se convocaron con plazos holgados para que todos los concellos pudieran elaborar sus proyectos y competir, algo que me parece que va siendo del pasado, en igualdad de condiciones. A pesar de ese ejercicio de transparencia el portavoz, Sr. Cubela, en el Reacon afirmó solemnemente que no se presentarían más de 5 concellos, luego fueron 54, estamos esperando la felicitación y luego cuando llego el PON2030 se vieron obligados a votar a favor. Ahora cuando hablaba de que el Sr. Cubela llamaba a las cosas por su nombre, es porque el Presidente no llama a las cosas por su nombre va a inaugurar el Pabellón de Baltar en Sanxenxo, financiado por el Reacon, y se pone hablar de este plan que todavía no había llegado a este pleno y que por lo tanto todavía no está aprobado ¿Cuál es la realidad? Que votamos a ciegas un plan de 4 millones del que no sabemos nada, porque nada se explicó aquí cuando este gobierno llevaba 102 días y convocó a alcaldes y alcaldesas y además todos salieron entendiendo que ese plan que se anunciaba sería para el año 2024, pero no, había mucha prisa, y me temo y seguro que a gloria de alguien muy concreto. Por lo tanto, aquí se lanza la convocatoria, una convocatoria que va para los concellos del Partido Popular, es evidente, que seguro que ya tienen sus proyectos y que seguro que encajarán en el modus operandi del Partido Popular. Dado que el Presidente dispone de todo el tiempo para hablar en este Pleno, agradeceríamos al Presidente que tomase la palabra para explicarnos las bases de este plan de infraestructuras, sería bueno saber: tope subvencionable, porcentaje, criterios, tipo de obras, los plazos, la presentación de solicitudes, como se hizo en anteriores planes extraordinarios, y también y aprovechando los 20 segundos que quedan pues seguimos reivindicando y reclamando ese informe de evaluación



interna que decía que no había un euro y ahora resulta, no sé si por arte de magia, que se puede traer una modificación de crédito de 6 millones. Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Font. Ten a palabra D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Gracias Presidente. Imos a tratar de responder dunha forma ecuánime, agradezo sobre todo o tono das intervencións, pero temos que ser claros, confunden en cada comparecencia churras con merinas señores voceiros. Nós en ningún caso ímolo deixar claro, por cuarta vez porque están moi ofendidos, non dixemos que a Deputación carecera de fondos, falamos só de dispoñibilidade orzamentaria, que estou seguro que coñecen a diferenza, non é o mesmo Tesourería que créditos recoñecidos e esgotados no orzamento do exercicio, i ben saben como deixaron na saída o orzamento do 2024. Parece que máis que medias verdades queren confundir á opinión pública con falsedades completas. É certo, as estreitezas orzamentarias obrigan a este goberno provincial a ter que recorrer á vía da modificación de crédito para exercer a súa acción de goberno, atender aos colectivos e ás necesidades dos concellos. A mostra de que en apenas 100 días tomamos máis decisións municipalistas que vostedes en 8 anos. Anunciamos un plan, o Plan +Provincia, que é un plan récord de apoio a través do plan de instrumento de cooperación da Deputación cos municipios da provincia; que é un plan ordinario, como ben fundamenta a Lei de Bases e que todas as deputacións provinciais teñen que aprobar. O Plan PON2030 que, por certo, lle recordo que este grupo provincial votou a favor, é un plan extraordinario, non me veña a dicir que sería un plan que fora a ser concorrente en todos os orzamentos, i non se preocupe que nós tamén traeremos plans. I o primeiro vai a ser dedicado aos concellos, un plan de infraestruturas deportivas dotado con 4 millóns de euros, non poña a venda Sr. Font que vostedes veñen de ser un goberno que executaron o PON, o Plan de Reequilibrio, o Plan DepoRemse, si quere lle recordo todas as porcentaxes dos concellos beneficiarios da cor política da que eran. Entón, aquí traemos unha modificación de crédito, primeiro, para dotar de crédito, que é o primeiro que temos que facer, a un plan de infraestruturas; estanse redactando as bases, non se preocupe que os concellos as coñecerán, e estou seguro que concorrerán na mesma porcentaxe ou máis coas que se presentaban os seus plans, defendendo a autonomía municipal dos concellos. Sr. Mosquera, mire, fíjese, o Sr. Presidente na Xunta de Goberno deu conta dunha situación da xestión que fixeron a través do Plan de Revitaliza, no ano 2021 aprobaron unha partida de 1 millón de euros para aplicar este plan, sobraron 900.000, no ano 2022 dotaron o plan cun millón de euros, nunca se



tramitou ningún expediente, se incorpora ó 2023, dotan un plan de 1 millón e medio de euros, só sacan co importe dese millón e medio 857.000 euros, i sobran da aplicación 600.006 mil euros, si tiveramos que por unha nota ao Plan Revitaliza xestionado polo anterior goberno da Deputación e os fondos dos que dispuxo é 0. Sr. Presidente acabei.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten agora a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Ben, eu sabía, sabía que o, porque así mo comunicaron algúns presentes que na executiva do PP houbo quen estivo frontalmente en contra do Revitaliza e quixo montar unha guerra que afortunadamente a maioría dos alcaldes do PP non entraron. Agora aquí estase descubrindo quen eran os que estaban en contra, non me dixeron exactamente quen eran os que estaban, ¡home!, o Sr. Domínguez é obvio porque estaba co picacha, ¿non?, co pico enriba dun composteiro, pero agora descubro tamén que o Sr. Cubela tamén estaba. Eu creo que, acabo de dicirillo, acabo de dicirillo, estabamos acumulando fondos para non cargar no orzamento para chegar ao 2023 e axudar aos concellos para que cumpriran coa normativa, ¿vale?, pasou o que pasou, e creo que está aí, afortunadamente sobreviviu que quen tiña que impulsalo estivo primeiro cunha hepatitis e despois estivo cunha seticemia, que non se foi para o outro barrio de milagro, bueno, pois si eso é mala xestión pois bueno aquí o carroñerismo pode chegar aos extremos que se queira, e non é solo eso, eu falei con usted e díxenlle temos un problema de quen impulsa eso, incluso lle din algún nome lle din tal, si queren para impulsalo, ¿acórdase non?, ¿non lle falla a memoria?, non lle falla a memoria que eso foi así. Polo tanto, me parece francamente de mal gusto, me parece de mal gusto buscar, teñen decidido triunfa a liña anti, non sei anti que, francamente, porque aí hai concellos adheridos de todo tipo, de feito posiblemente o que mellor vaia é o de Valga, que non está gobernado precisamente por nós, etc., triunfou non sei que liña e total unha obriga que teñen que cumprir os concellos que teñen a ameaza de, teñen a ameaza de sancións que van a vir, xa está aberto o expediente na Unión Europea, e demais, pois resulta que se decide que non é importante, que vamos a, que non sei como van a cumprir sin a axuda de Deputación, bueno, pois alá cada quen, e barren todo o que hai, ¿non?, igual que no Ágora, porque parece que, á parte é que é moi sorprendente, porque se fora hai 8 anos ou 7 ou 6 que a Xunta, por exemplo, andaba con estradas duras e non sei canto, pero que hoxe anda ó contrario ten, cambiou, está moito máis na onda do Ágora, e agora de repente



pois o cargan, bueno, pois alá sabrán ustedes serán os equilibrios internos entre unhas cousas e outras da súa formación política, pero, francamente, ou sea, terán número pero non é razoabel porque é algo, eso si que é unha axuda directa aos concellos, é unha axuda directa aos concellos porque os concellos aínda non sentiron o peso das sancións, as comunidades autónomas si, de feito houbo a do saneamento da ría, chegaron multas millonarias, e aquí van a chegar, á parte xa no é só a sanción xa é un problema de impulso e demais. Eu non sei si, si a Lei de residuos e solos contaminados para unha economía circular, a 7/2022, si vostedes cren que está en vigor ou non, pero é unha normativa europea, ou sea, que dificilmente van escapar.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Mosquera. Ten o turno D. Carlos Font, o Voceiro Socialista.

Sr. López Font.- Sr. Cubela, usted como adivino tiene muy poco futuro y está demostrado aquí, con lo cuál no diga que seguro que van a participar los concellos porque usted como pronosticador es muy malo. ¿Pero cómo no van a estar preocupados los concellos si sacan ustedes un plan de 4 millones y no conocen las bases ni conocen cómo va a ser?, claro que están preocupados. Mire, no es cuestión de interpretación de lo que es el presupuesto y de lo que son las condiciones del presupuesto, lo peor de todo es que no sigue usted al detalle las ruedas de prensa de su Presidente, el Presidente dijo “que la situación era precaria e inestable”, y eso no se corresponde con poder traer una modificación de crédito de 4 millones. Por lo tanto, este plan lo único que hace es volver a los tiempos de Louzán esperemos que la convocatoria no sea de media noche y que se agote en escasos minutos y lo que es evidente es que es un plan diseñado políticamente, y ya lo verá Sr. Cubela, para favorecer a los ayuntamientos del Partido Popular y castigar a los que no son del Partido Popular, pero ¡es evidente! que aquí hoy estamos defuncionando el Plan Ágora y el Plan Revitaliza, y está claro como con los planes extraordinarios que cuando quiera debatimos, debatimos sobre lo que se hizo, sobre lo que significaron, sobre los porcentajes y sobre lo que ustedes están retrocediendo. Por lo tanto, esto va camino, evidentemente, una vuelta a los tiempos de Louzán y ya digo como he dicho en otras ocasiones, que se parece más a la cultura baltarista. ¿Hay una cuestión importante en esta modificación de crédito? Y es que hay una renuncia del Concello de Pontearreas, a un convenio firmado anteriormente para una humanización de la avenida Ramón Sarmiento-Ribera y el expediente dice que el concello considera prioritaria la ordenación de suelo urbanizable y renuncia, y



digo renuncia, a 441.000 euros que esperamos que retornen al área de infraestructuras en favor de las carreteras provinciales, porque sino ciertamente sería una cacicada. También es cierto que el Interventor advierte en su informe, claramente, que las 8 empresas que concurrieron a esta licitación han tenido un trabajo importante y no sé qué tendría que decir la alcaldesa de las consecuencias que esto podría tener. Bien, en conclusión, votamos una modificación de crédito que demuestra lo contrario de lo que dijo el Presidente, buena salud económica, votamos a ciegas, asistimos a la muerte anunciada de Ágora y de Revitaliza y, evidentemente, esto no puede contar con nuestro voto favorable. Un plan extraordinario no tiene que ampararse en el futuro Plan de Más Provincia porque estamos hablando de una modificación de crédito. Gracias.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Font. Ten a palabra para pechar o voceiro, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Moi ben, eu sigo agradecéndolles o tono porque a pesar de buscar excusas en países que non existen o tono foi positivo. Miren, eu non xulgo, din unha nota ó mellor nun xuízo de valor pois xusto inxusto, pero cando se ve que no ano 2021, é dicir, fai 2 ou 3 anos, aprobaron un plan cun millón de euros e tiveron que volver a meter no caixón 900 mil do Plan Revitaliza, que no ano 2022 aprobaron un plan dun millón de euros, que nunca utilizaron, e que no ano 2023 incorporan todos esos cartos dotando a partida dun millón cincocentos mil euros e só a sacan de inicio en 857.000, é dicir, marketing, postureo i propaganda, nós somos os adalices en Galicia do compostaxe pero acción 0. Non vou a denegar nin a dicir que non o intentara Sr. Mosquera, eu sei que vostede o intentou pero as veces o resultado a éxito depende tamén de como se fagan as formas, de como se leve o proxecto, etc., etc., i agora o único que utilizamos a final de ano con toda a lexitimidade da acción de goberno, dun novo goberno, son, a través da operación de modificacións de crédito, accións para apoiar, axudar i transferir aos concellos. Polo tanto, nadie se carga o Plan Revitaliza si alguén se cargou o Plan Revitaliza foron vostedes non utilizando os fondos, tan ben dotados nas notas de prensa que enviaban aos medios de comunicación. O Plan Ágora, non manipulen a opinión pública, aquí ninguén se cargou o Plan Ágora, sacáronse unhas bases os concellos participaron i sobraron cartos, se volveron a sacar unhas segundas bases os concellos participaron i sobraron cartos, i se fixo un terceiro plan que se vai a resolver agora, ninguén se cargou o Plan Ágora, o que pasa é que seguen sobrando fondos i, polo tanto, estamos no último trimestre do exercicio i o goberno é competente para que os créditos



sobrantes se dean de baixa para incorporar con outras operacións, é o único que se fai, o expediente está en Cividas, unha plataforma que tan ben coñeceron e utilizaron durante os últimos anos do seu goberno. Acabei Presidente.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Procedemos entón á votación do quinto punto da orde do día que é, aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 7/2023 ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda aprobado por, falta un deputado, son 13 votos a favor.

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación, en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2023006130, de data 2 de agosto de 2023, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2023. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.07/23), por importe de 4.308.778,70 euros, suplementos de créditos (SUP.06/23), por importe de 510.648,56 euros.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose:

- Crédito extraordinario (EXT. 07/23), fináncianse con “Baixas por anulación” por importe de 2.298.531,34 euros; respecto dos proxectos dos Concellos de Moaña: RINCO_23_00643 e de Pontearreas: RINF_23_00943, fináncianse con cargo ás maiores achegas dos concellos (en formalización), correspondentes aos sobrantes da financiación prevista con cargo ao POS_22/23 do investimento na obra que finamente obtivo financiación do MITMA_PIREP Local_PRTR (42%), proxecto: "Rehabilitación do edificio do Concello Vello de Moaña (REACPON); e en relación co convenio con Pontearreas para o proxecto: “Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre Avda. Rosalía de Castro e a Rúa Redondela”, a parte de financiamento que lle correspondía ao concello como consecuencia da renuncia ao contrato e a execución do proxecto; e con maiores achegas a conta sobre as previstas no concepto: 23/934-100.00 “Cesión IRPF” por importe de: 1.701.468,66 euros.
- Os suplementos de créditos (SUP. 05/23), fináncianse na súa totalidade con maiores achegas a conta sobre as previstas no concepto: 23/934-100.00 “Cesión IRPF”.



Resultando que a Intervención emite informe de data 17 de outubro de 2023, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian, e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2,3,11,27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2023.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, de votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 07/2023 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT.07/23) por importe de 4.308.778,70 euros e suplementos de créditos (SUP.06/23) por importe de 510.648,56 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1. Créditos Extraordinarios “EXT. 07/23”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-3420-762.95	A CONCELLOS, PLAN DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS_ COOPERACIÓN	4.000.000,00 €
942-9420-762.30	A CONCELLOS_MOAÑA, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS – COOPERACIÓN (Proxecto:RINCO_23_00643_MOAÑA_ Investimentos Concello de Moaña: “Ampliación de pluviais e renovación de pavimento na Travesía Estrada de Marín-Fonte Bieita e Camiño do Fondón”).	119.651,63 €



942-9420-762.43	A CONCELLOS_PONTEAREAS, INVESTIMENTOS EN CONVENIOS – COOPERACIÓN (Proxecto:RINF_23_00943_PONTEAREAS_ Investimentos Concello de Ponteareas: “Mellora do centro social (Subministración): 11.666,35€; Melloras das instalacións deportivas de Pardellas: 17.271,76€; Reconstrución da Ponte de Fontenla: 57.373,77€; Construción dunha nova ludoteca: 102.815,19€”).	189.127,07 €
	Total Créditos Extraordinarios...	4.308.778,70 €

Financiamento do expediente de Créditos Extraordinarios 07/23:

O expediente de créditos extraordinarios, finánciase da seguinte forma:

1. Parte do “Plan de infraestruturas deportivas para concellos de menos de 50.000 h.”, mediante “Baixas por anulación: 2.298.531,34 euros”, de aplicacións correspondentes a plans para investimentos en compostaxe e mobilidade de exercicios anteriores, nos importes que corresponden a sobrantes ou baixas. Ditos créditos son reducibles sen perturbación das accións previstas polos correspondentes Servizos .

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
456-9420-762.10/2020	A CONCELLOS, PROGRAMAS DE MOBILIDADE LOCAL, EIXO I (S. INFRAESTRUTURAS)	-259.106,84 €
456-9420-762.11/2020	A CONCELLOS, PROGRAMAS DE MOBILIDADE LOCAL, EIXO II (S. INFRAESTRUTURAS)	-32.041,38 €
456-9420-762.10/2022	A CONCELLOS, PROGRAMAS DE MOBILIDADE LOCAL (S. INFRAESTRUTURAS)	-400.586,55 €
923-1623-762.59/2021	A CONCELLOS, REDACIÓN PLANS DE RESIDUOS E INVESTIMENTOS COMPOSTAXE (S. ASISTENCIA INTERMUNICIPAL)	-900.776,61 €
923-1623-762.59/2022	A CONCELLOS, REDACIÓN PLANS DE RESIDUOS E INVESTIMENTOS COMPOSTAXE (S. ASISTENCIA INTERMUNICIPAL)	-100.000,00 €
923-1623-779.01/2022	O SECTOR PRIMARIO, AGRO - COMPOSTAXE (S. ASISTENCIA INTERMUNICIPAL)	-606.019,96 €
	TOTAL...	-2.298.531,34 €



2. Os proxectos e reinvestmentos dos Concellos de Moaña: RINCO_23_00643 e de Pontearreas: RINF_23_00943, fináncianse con cargo as maiores achegas dos concellos (en formalización), correspondentes aos sobrantes da financiación prevista con cargo ao POS_22/23 do investimento na obra que finalmente obtivo financiación do MITMA_PIREP Local _PRTR (42%), proxecto: "Rehabilitación do edificio do Concello Vello de Moaña (REACPON); e en relación co Convenio con Pontearreas para o proxecto: "Humanización da Avda. Sarmiento Rivera (EP-4006) entre Avda. Rosalía de Castro e a Rúa Redondela, a parte de financiamento que lle correspondía ao concello como consecuencia da renuncia ao contrato e a execución do proxecto.

O resto do expediente (parte restante do "Plan de infraestruturas deportivas para concellos de menos de 50.000 h."), finánciase con maiores achegas a conta sobre as previstas no concepto: 23/934-100.00 "Cesión IRPF" por importe de: 1.701.468,66 euros.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-100.00	Cesión IRPF (maiores achegas a conta)	1.701.468,66 €
942-762.30	ACHEGAS DO CONCELLO DE MOAÑA A PROXECTO REACPON [(Reinvestimento menor achega do POS _22/23 ao proxecto: "Rehabilitación do edificio do Concello Vello de Moaña"; (MITMA_PIREP Local PRTR, financia o 42,02%), ingreso en formalización)]	119.651,63 €
942-762.43	ACHEGAS DO CONCELLO DE PONTEAREAS A PROXECTOS DE INFRAESTRUTURAS (Reinvestimento achega do POS _22/23 ao proxecto: "HUMANIZACIÓN DA AVDA. SARMIENTO RIVERA (EP-4006) ENTRE AVDA. ROSALIA DE CASTRO E A RÚA REDONDELA", renuncia ao contrato e a execución do proxecto, ingreso en formalización)	189.127,07 €
	TOTAL...	2.010.247,36 €

2. Suplemento de Crédito "SUP.06/23":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2311-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	2.018,74 €
231-2311-131.00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	745,22 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2311-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	509,20 €
231-2311-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (C. SOCIAL E XUVENTUDE)	143,74 €
232-2312-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	31.913,08 €
232-2312-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	400,89 €
232-2312-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	4.003,01 €
232-2312-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	7.074,36 €
232-2312-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (C. S. PRÍNCIPE FELIPE)	1.402,12 €
240-2410-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% EN 2022 (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	1.886,05 €
240-2410-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	147,48 €
240-2410-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	507,70 €
240-2410-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (PROMOCIÓN DE EMPREGO E D.L.)	46,53 €
250-2315-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (IGUALDADE)	882,31 €
250-2315-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (IGUALDADE)	101,98 €
250-2315-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (IGUALDADE)	224,09 €
250-2315-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (IGUALDADE)	27,91 €
324-3243-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (E. CANTEIROS)	227,65 €
324-3243-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (E. CANTEIROS)	1.052,64 €
324-3243-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (E. CANTEIROS)	101,98 €
324-3243-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (E. CANTEIROS)	1,22 €
324-3243-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (E. CANTEIROS)	304,11 €
330-3300-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (CULTURA)	1.391,20 €
330-3300-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO	324,91 €
330-3300-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (CULTURA)	359,50 €
330-3300-160.01	S. SOCIAL P. LABORAL, (CULTURA)	97,08 €
332-3322-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO)	5.473,95 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
332-3322-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO)	167,95 €
332-3322-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO)	1.351,40 €
332-3322-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (P. DOCUMENTAL E BIBLIOGRÁFICO)	41,99 €
333-3330-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (MUSEO)	2.462,08 €
333-3330-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (MUSEO)	8.975,98 €
333-3330-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL,(MUSEO)	528,20 €
333-3330-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MUSEO)	431,92 €
333-3330-160.01	S. SOCIAL LABORAIS,(MUSEO)	2.756,21 €
334-3340-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (S. LINGÜÍSTICOS)	1.448,05 €
334-3340-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (S. LINGÜÍSTICOS)	358,28 €
340-3400-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (DEPORTES)	2.069,58 €
340-3400-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (DEPORTES)	242,36 €
340-3400-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (DEPORTES)	145,66 €
340-3400-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (DEPORTES)	459,42 €
340-3400-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (DEPORTES)	112,53 €
410-4100-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (MEDIO AMBIENTE)	7.142,28 €
410-4100-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (MEDIO AMBIENTE)	724,43 €
410-4100-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (MEDIO AMBIENTE)	1.910,34 €
410-4100-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (MEDIO AMBIENTE)	210,08 €
413-4123-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (E.F. AREEIRO)	6.298,96 €
413-4123-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (E.F. AREEIRO)	669,12 €
413-4123-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS,(E.F. AREEIRO)	1.500,32 €
413-4123-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (E.F. AREEIRO)	187,35 €
433-4320-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (TURISMO)	907,38 €
433-4320-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (TURISMO)	1.395,93 €
433-4320-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (TURISMO)	905,08 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
433-4320-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TURISMO)	242,46 €
433-4320-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (TURISMO)	667,30 €
456-4530-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (INFRAESTRUTURAS)	17.631,57 €
456-4530-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (INFRAESTRUTURAS)	324,91 €
456-4530-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (INFRAESTRUTURAS)	347,20 €
456-4530-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (INFRAESTRUTURAS)	4.477,43 €
456-4530-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (INFRAESTRUTURAS)	188,19 €
457-4500-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (ARQUITECTURA)	3.034,77 €
457-4500-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (ARQUITECTURA)	75,98 €
457-4500-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (ARQUITECTURA)	84,88 €
457-4500-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ARQUITECTURA)	794,75 €
457-4500-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (ARQUITECTURA)	48,26 €
900-9120-10000	RETRIBUCIÓN BÁSICAS, ÓRGANOS DE GOBERNO (CORPORACIÓN)	3.531,17 €
900-9120-160.01	SEGURIDADE SOCIAL PERSOAL LABORAL, (CORPORACIÓN)	1.014,91 €
912-9120-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (G. PRESIDENCIA)	71,01 €
912-9120-110.00	PERSOAL DE EMPREGO, R. BÁSICAS, (G. PRESIDENCIA)	5.592,02 €
912-9120-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (G. PRESIDENCIA)	21,30 €
912-9120-160.02	S. SOCIAL P. EMPREGO, (G. PRESIDENCIA)	1.537,81 €
920-9200-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (SERVIZO CENTRAL)	10.642,00 €
920-9200-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (SERVIZO CENTRAL)	1.378,35 €
920-9200-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (SERVIZO CENTRAL)	2.367,97 €
920-9200-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (SERVIZO CENTRAL)	399,72 €
921-9200-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (R. HUMANOS)	9.203,04 €
921-9200-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (R. HUMANOS)	20,10 €
921-9200-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (R. HUMANOS)	1.218,36 €
921-9200-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (R. HUMANOS)	5,83 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
922-9200-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (CONTRATACIÓN)	2.972,68 €
922-9200-131.00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (CONTRATACIÓN)	120,61 €
922-9200-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (CONTRATACIÓN)	762,97 €
922-9200-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (CONTRATACIÓN)	34,98 €
923-9225-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (SAIM)	2.330,66 €
923-9225-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (SAIM)	539,07 €
924-9240-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (COMUNICACIÓN)	3.884,25 €
924-9240-130.00	PERSONAL LABORAL FIXO, (COMUNICACIÓN)	1.097,50 €
924-9240-131.00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (COMUNICACIÓN)	223,41 €
924-9240-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (COMUNICACIÓN)	936,99 €
924-9240-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (COMUNICACIÓN)	369,86 €
926-9260-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (TIC)	5.122,15 €
926-9260-130.00	PERSONAL LABORAL FIXO, (TIC)	567,57 €
926-9260-131.00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (TIC)	264,72 €
926-9260-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TIC)	1.206,17 €
926-9260-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (TIC)	233,04 €
927-9200-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (ASESORÍA XURÍDICA)	1.657,29 €
927-9200-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ASESORÍA XURÍDICA)	363,64 €
929-9200-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (PREVENCIÓN)	1.047,31 €
929-9200-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (PREVENCIÓN)	282,68 €
931-9310-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (INTERVENCIÓN)	6.786,88 €
931-9310-131.00	PERSONAL LABORAL TEMPORAL, (INTERVENCIÓN)	241,22 €
931-9310-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (INTERVENCIÓN)	1.443,25 €
931-9310-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (INTERVENCIÓN)	63,92 €
932-9320-120.11	RETRIBUCIÓN FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (ORAL)	20.588,37 €
932-9320-130.00	PERSONAL LABORAL FIXO, (ORAL)	5.894,16 €



APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
932-9320-131.00	PERSOAL LABORAL TEMPORAL, (ORAL)	120,62 €
932-9320-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (ORAL)	5.080,80 €
932-9320-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (ORAL)	1.774,36 €
934-9340-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (TESOURERÍA)	1.219,05 €
934-9340-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (TESOURERÍA)	153,42 €
934-9340-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (TESOURERÍA)	259,17 €
934-9340-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (TESOURERÍA)	42,96 €
942-9420-120.11	RETRIBUCIÓNS FUNCIONARIOS, INCREMENTO ADICIONAL 0,5% (COOPERACIÓN)	5.013,23 €
942-9420-130.00	PERSOAL LABORAL FIXO, (COOPERACIÓN)	324,91 €
942-9420-160.00	S. SOCIAL FUNCIONARIOS, (COOPERACIÓN)	1.090,90 €
942-9420-160.01	S. SOCIAL LABORAIS, (COOPERACIÓN)	90,97 €
340-3410-226.02	PATROCINIO CAMPIONATOS DEPORTIVOS, (DEPORTES), [Patrocinio partido "Women`s Nations League" que disputará a Selección Española de Fútbol Feminino o 1 de decembro no Estadio de Pasarón]	205.750,00 €
433-4320-221.00	SUMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA_ (TURISMO)	10.000,00 €
433-3360-226.99	GASTOS EN ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS, SOUTOMAIOR_(TURISMO), [Campanha de nadal Castelo de Soutomaior]	51.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	510.648,56 €

Financiamento do expediente de Suplementos de Créditos 06/23:

Os importes correspondentes aos suplementos fináncianse na súa totalidade con maiores achegas a conta sobre as previstas no concepto: 23/934-100.00 "Cesión IRPF".

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTOS DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
934-100.00	Cesión IRPF (maiores achegas a conta)	510.648,56 €
	TOTAL...	510.648,56 €



Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	510.648,56 €
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	4.308.778,70 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	2.298.531,34 €
TOTAL MAIORES INGRESOS...	2.520.895,92 €

O resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS	
Capítulo 1º Impostos directos.	2.212.117,22 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	308.778,70 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	2.520.895,92 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	2.520.895,92 €
ORZAMENTO DE GASTOS.	
Capítulo 1º Gastos de persoal.	243.898,56 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	266.750,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 6º Investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	2.010.247,36 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	2.520.895,92 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS...	2.520.895,92 €

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 07/2023 que inclúe créditos extraordinarios (EXT.07/23), por importe de 4.308.778,70 euros e suplementos de créditos (SUP.06/23) por importe de 510.648,56 euros, exporase



ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 07/2023, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

6.8067.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS DE DIVERSOS TREITOS DAS ESTRADAS PROVINCIAIS EP-0407 BORELA – PONTE CALDELAS, EP-0207 A ÍNSUA – CHAÍN E EP-0206 PONTE CALDELAS – PARADA – XUSTÁNS (EXPTE. 2021041624)**

Sr. Presidente.- Ben, como vén sendo habitual, comentaron entre os voceiros dos distintos grupos e chegaron a un acordo, de nos puntos relativos ós cambios de titularidade de estradas de votar o, un debate conxunto e logo unha votación individualizada, isto é o que fai referencia aos puntos 6 e 7. O punto número 6 que é cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Ponte Caldelas de diversos treitos das estradas provinciais EP-0407 Borela-Ponte Caldelas a EP-0207 A Ínsua-Chaín e a EP-0206 Ponte Caldelas-Parada-Xustáns. E punto número 7, cambio de titularidade e posterior entrega ó Concello de Nigrán da estrada provincial EP-2105 Panxón-Monterferro. Ten a palabra o voceiro do Partido Popular, Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Bueno, por acordo Presidente non vai a haber intervencións i, polo tanto, sometémolo a, podemos sometelo a votación.

Sr. Presidente.- Procedemos entón á votación. Sexto punto da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Ponte Caldelas de diversos treitos das estradas provinciais EP-0407 Borela-Ponte Caldelas, EP-0207 A Ínsua-Chaín e EP-0206 Ponte Caldelas-Parada-Xustáns ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.



Antecedentes:

O Concello de Ponte Caldelas e a Deputación de Pontevedra asinaron o 18 de febreiro de 2022 un Convenio de colaboración para a execución do “Proxecto de mellora da seguridade viaria na EP-0407 Borela–Ponte Caldelas, do p.q. 8+775 ao p.q. 9+000”.

Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello dos seguintes treitos:

- EP-0407 Borela–Ponte Caldelas, treito do p.q. 8+780 ó p.q. 9+000
- Treito antigo de 73 metros lineais situado entre os p.q. 1+000 e p.q. 1+055 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-0207 A Ínsua–Chaiín.
- Treito antigo de 83 metros lineais situado entre os p.q. 3+070 e p.q. 3+140 (marxe dereita) da estrada provincial EP-0206 Ponte Caldelas–Parada–Xustáns.

Os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais, en data 16 de xuño de 2023, informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponte Caldelas dos anteditos treitos obxecto do convenio (CSV: JLFR5IYIYY66PK8P).

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RRXFALHN).

2ª Motivación.

Os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais estimaron o valor patrimonial das vías obxecto da presente proposta de cambio de



titularidade en SEISCENTOS CORENTA E TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (643.500,00 €).

No informe emitido motívase o cambio de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinalase que:

“O treito final da EP-0407 Borela-Ponte Caldelas, do PQ 8+780 ao PQ 9+000, trátase dun treito de funcionalidade urbana totalmente integrado na malla urbana do núcleo de Ponte Caldelas. Este treito, denominado no rueiro municipal como rúa Lepanto, remata na estrada de titularidade autonómica PO-234 (nomeada no rueiro municipal como rúa González Besada) e serve de acceso á Avda. de Galicia, onde se sitúa a Casa do Concello e a Igrexa do Sagrado Corazón, configúrase como un rueiro de funcionalidade e carácter local logo que nas súas beiras se atopan comercios, unha oficina de farmacia, o centro de saúde da vila e diversos aparcamentos públicos de vehículos contando con todos os servizos urbanísticos (alumeado público, beirarrúas, abastecemento de augas e saneamento das augas residuais).

Así pois, logo da intervención feita na EP-0407 Borela-Ponte Caldelas prevista no antedito proxecto, e dada conta da realidade física actual considérase que este treito xa non ten o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicacións interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade son totalmente asimilables ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Por outra banda, e no relativo aos treitos antigos da EP-0207 A Ínsua–Chaín e da EP-0206 Ponte Caldelas–Parada–Xustáns, trátase de dous treitos que xa non forman parte do itinerario principal da estrada logo dunha anterior mellora do trazado da mesma, e, en consecuencia, non teñen as características propias dunha estrada provincial, senón de elemento funcional para o acceso aos predios de funcionalidade forestal situados ás beiras, en virtude da letra c) do apartado 2 do artigo 6 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de Estradas de Galicia.

Estas propostas de cambio de titularidade manteñen á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, logo que se trata do treito final da estrada provincial EP-0407 Borela-Ponte Caldelas e de dous treitos antigos desvinculados do itinerario principal das estradas, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por todo o anterior, e logo que con estes cambios de titularidade o Concello de Ponte Caldelas poderá garantir un mellor mantemento e explotación destes treitos de estradas, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación das mesmas a súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre elas para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público”.



3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

O artigo 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, con acordo das administracións afectadas.

Conforme dispón o artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscripta polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De ser o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Os anteditos informes foron emitidos favorablemente en data 1 e 4 de agosto de 2023 respectivamente.



Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Ponte Caldelas dos seguintes treitos de estradas provinciais:

- EP-0407 Borela–Ponte Caldelas, treito do p.q. 8+780 ó p.q. 9+000.
- Treito antigo de 73 metros lineais situado entre os p.q. 1+000 e p.q. 1+055 (marxe esquerda) da estrada provincial EP-0207 A Ínsua – Chaín.
- Treito antigo de 83 metros lineais situado entre os p.q. 3+070 e p.q. 3+140 (marxe dereita) da estrada provincial EP-0206 Ponte Caldelas–Parada– Xustáns.

Ditos viarios incorpóranse á relación de estradas de titularidade do Concello de Ponte Caldelas, tal e como se sinala no artigo 10.6 da LEG.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello de Ponte Caldelas e a Deputación de Pontevedra.

7.8068.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE NIGRÁN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2105 PANXÓN – MONTEFERRO (EXPTE. 2022008814)**

Sr. Presidente.- Punto número 7 da orde do día. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Nigrán da estrada provincial EP-2105 Panxón–Monteferro ¿Votos a favor? Queda aprobada por unanimidade.

Antecedentes:

O Concello de Nigrán e a Deputación de Pontevedra asinaron o 10 de xuño de 2022 un Convenio de colaboración para a execución do “Proxecto de mellora da seguranza viaria e senda peonil na EP-2106 A Ramallosa–Parada, dende o p.q. 3+200 ao p.q. 4+195”.



Conforme á súa cláusula quinta 5) o convenio ten o carácter de solicitude de inicio do procedemento de transferencia ao concello da estrada provincial EP-2105 Panxón–O Monteferro.

O 29 de xuño de 2023 os servizos técnicos e o director de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Nigrán do antedito viario obxecto do convenio (CSV: NBHUGRQ54SQPQUTR).

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (RXEG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional (RRXFALHN).

2ª Motivación.

Nos informes emitidos polos servizos técnicos e polo director de Infraestruturas e Vías Provinciais estímase o valor patrimonial da vía obxecto da presente proposta de cambio de titularidade en CATRO MILLÓNS NOVECIENTOS NOVENTA E UN MIL OITOCENTOS SESENTA E UN EUROS (4.991.861,00 €). Motívase o cambio de titularidade de acordo co disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinálase que:

“A estrada provincial EP-2105 Panxón–O Monteferro, é unha estrada que discorre maioritariamente por solo clasificado como urbano polo planeamento urbanístico de Nigrán, a maior parte da estrada intégrase nun ámbito totalmente urbanizado composto por vivendas unifamiliares aisladas de segunda e primeira residencia, moi vinculadas á época estival logo da súa proximidade a areas de gran afluencia como a praia de Patos ou a praia de Panxón, estando dotado de beirarrúas, bandas laterais de aparcamento, alumeadado público, saneamento de augas fecais e pluviais e abastecemento de auga.

Esta estrada foi obxecto recentemente da renovación da capa de rodaxe e da sinalización horizontal, así como da implantación de medidas de calmado do tráfico mediante a disposición



de catro pasos de peóns sobreelevados (PPS) e dun redutor físico de velocidade de vehículos (RFVV) logo da amentada funcionalidade urbana e aos efectos de priorizar a seguridade e mobilidade peonil.

Así pois, considérase que esta estrada non ten o carácter e funcionalidade vertebradora do viario provincial, nin de servizo para as comunicación interurbanas, senón que pola súa tipoloxía, características técnicas, funcionais e de utilidade é totalmente asimilable ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo urbano.

Esta proposta de cambio de titularidade mantén á vez, o servizo público viario existente e a continuidade dos itinerarios dos que forman parte, logo que se trata da totalidade da estrada provincial EP-2105 Panxón–O Monteferro, aos efectos de dar cumprimento ao previsto polo apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.

Por todo o anterior, e logo que con este cambio de titularidade o Concello de Nigrán poderá garantir un mellor mantemento e explotación desta estrada, de carácter e funcionalidade municipal e co obxecto de contribuír a facilitar unha completa adaptación da mesma á súa realidade funcional, así como para levar un control máis directo sobre ela para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público”.

3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

O artigo 9.4 da LEG e o 18. 1 do RXEG establece que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, con acordo das administracións afectadas.

Conforme dispón o artigo 9.6 da LEG 18.3 do RXEG os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade publicaranse no Diario Oficial de Galicia (DOG) e serán efectivos dende o día seguinte ao da súa publicación.

A formalización realizarase mediante acta de entrega subscripta polas administracións interesadas (art. 18.6 RXEG). De selo o caso de que no prazo de tres meses dende a publicación do decreto de aprobación do cambio de titularidade, non se asinase a acta de entrega polas administracións cedente e cesionaria, abondará con que a primeira a asine unilateralmente, facendo constar o ofrecemento formal, para entender formalizada a cesión para os efectos derivados da mesma (art. 18.7 RXEG). As actas de entrega publicaranse no



DOG e no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), para os efectos do seu coñecemento por terceiros.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno da Deputación as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno da Deputación a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. Os anteditos informes foron emitidos favorablemente en data 1 e 4 de agosto de 2023 respectivamente.

Polo que antecede, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, o Pleno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Nigrán da estrada provincial EP-2105 Panxón–Monteferro.

Dito viario incorpórase á relación de estradas de titularidade do Concello de Nigrán, tal e como se sinala no artigo 10.6 da LEG.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 9 da LEG e 18 do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega entre o Concello de Nigrán e a Deputación de Pontevedra.



8.8069.- PROPOSTA DA PRESIDENCIA EN RELACIÓN CO “PACTO DE PEDRE” (EXPTES. 2023064503 – 2023064494)

Sr. Presidente.- Pasamos ó punto número 8 da orde do día. Proposta da Presidencia en relación co “Pacto de Pedre”. Neste punto decir que o Psoe, o Partido Socialista presentou unha emenda e, polo tanto, lle cedo a palabra para que, ¿perdón? Pero a emenda, fas lectura e votamos a emenda e, ¿non?, ¿é así, non? Ten a palabra D. Gregorio Agís, si, ¿perdón? Espera, espera Gregorio, que che vou a dar, senón ...

Sr. Agís Gómez.- Vale, bos días, gracias Presidente. Planteamos unha emenda onde se pretende substituír o punto número 3 pola seguinte proposta de “demandar da Xunta de Galiza o inicio dun estudo para a mellora do trazado e seguridade da estrada PO-534 ata Lalín e a súa conversión en autovía; engadir como punto número 5 a seguinte proposta: instar ao Goberno de España a rematar a redacción do proxecto licitar e contratar a execución do treito de Vilaboa ó Confurco en Pontearreas da A-57, de xeito que se complete así a conexión desta autovía, circunvalación de Pontevedra, coa A-52, quedando unida Pontevedra con Ourense e Portugal a través dunha autovía libre de peaxe. Esa é a nosa proposta para, bueno, emendar a moción presentada a instancias da Presidencia e coa idea de poder integrarnos e votar a favor desta moción.

Sr. Presidente.- Ben, moitas grazas Gregorio. Vamos a proceder entón á votación da emenda ¿Votos a favor da emenda? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Sae adiante cos votos, perdón, recházase cos votos a favor do Grupo do Partido Popular e do Bloque. Iniciamos entón o debate da proposta da Presidencia. Ten a palabra o voceiro, D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Si, ¿pero temos que presentar a proposta, non?. Bueno, iba a intervir eu, interveño. Nós decidimos dende o goberno provincial que, por cuestións obvias e bueno, por respecto ao “Pacto de Pedre” interveña eu na explicación da proposta e da Presidencia, sei que no concello o fixo o alcalde pero como estou presente e son membro como deputado desta Corporación, pois así o decidimos e agradézollo ó Presidente ademais que tivera esa consideración. Ben, primeiramente queremos agradecer dende, os alcaldes que conformamos o chamado “Pacto de Pedre” o apoio que tivo o Presidente da Deputación de Pontevedra para trasladar a este Pleno unha proposta de moción



que fixemos chegar dende este colectivo de alcaldes, que conforman mandatarios municipais de distintas opcións políticas, o cal o fai todavía máis grande, importante i lexítimo. Como ben saben a mala situación de conservación na que se atopa a estrada N-541 que historicamente se veu esquecida de modificacións substantivas de investimentos i de proxectos que a fixeran mellorar en seguridade motivou que os alcaldes dos concellos das localidades de Punxín, Maside, Carballiño, Boborás, Beariz en Ourense e Cerdedo-Cotobade en Pontevedra, subscribíramos un texto fundacional que reclamase, con cuestións obxectivas, plans de conservacións, plans de investimentos que apoiasen a vertebración da provincia a través desta estrada coa mellora da súa seguridade. Como ben saben, esta estrada que conecta as capitalidades das provincias de Pontevedra e Ourense e conecta as Rías Baixas e o eixe atlántico con Ourense, con Carballiño i coa meseta, está nun estado de conservación deplorable. Mostra é os tristemente coñecidos sucesos ao longo dos últimos anos, cun alto índice de sinistralidade que motiva que estes alcaldes, que os seus veciños i que os territorios nos xuntemos nunha defensa colectiva para demandar ao competente da vía, ó Estado, á mellora desta estrada. Entre as deficiencias que figuran e que reclamamos constan un asfalto deteriorado, problemas de drenaxe, que provocan a falta de adherencia á vía. Por iso estamos tendo unha importante presenza institucional ante as corporacións provinciais de Pontevedra i de Ourense i cos concellos das capitais de Pontevedra i de Ourense, por iso quero aquí recoñecer e agradecer a sensibilidade coa que os mandatarios das cidades de Ourense e de Pontevedra nos recibiron i tamén os Presidentes das Deputacións. Non vou a entrar a valorar o desleixo i a opinión doutras forzas políticas que pretenden desviar a atención do que reclamamos dende o “Pacto de Pedre” que, como digo i dixen ao principio, está conformado por alcaldes de distinta cor política. Polo tanto, en virtude de todo o explicado propomos ao Pleno da Corporación, e así o traslada o Presidente, os seguintes acordos: Adherise ás peticións que encabezan os 7 concellos agrupados en torno ao “Pacto de Pedre” para exixir a mellora integral da estrada nacional 541 conscientes da importancia que esta vía de comunicación ten para os veciños destes concellos, das súas provincias i da nosa cidade. Solicitalles ós grupos políticos do Parlamento de Galicia que apoiem as iniciativas que os alcaldes están impulsando dende o “Pacto de Pedre” para trasladarlle ó Goberno Central a necesidade de acometer a mellora integral da seguridade vial na estrada nacional 541. Demandarlles á Xunta de Galicia e ó Goberno Central o inicio dun estudo para a creación dunha autovía Pontevedra – O Carballiño con conexión cara a Lalín que permita unha mellor vertebración viaria do interior da provincia de Pontevedra ao tempo que crea unha alternativa



eficaz á N-541, vial que hoxe funciona como único trazado real para a veciñanza e traballadores; e instar ó Goberno de España a que acometa coa maior urxencia posible a mellora integral da estrada N-541 Pontevedra–Ourense, na totalidade do seu percorrido. Sr. Presidente tratei de presentala co maior respecto institucional e a dou por rematada.

Sr. Presidente.- Ben, moitas gracias Sr. Cubela. Ten a palabra o voceiro do Bloque Nacionalista, D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Ben, creo que a exposición igual non foi todo o afortunada que debía pero bueno, vamos ó caso, vamos a ver. Votamos en contra das emendas porque este é un texto pechado, polo tanto non se pode, non tería sentido que en cada corporación se aprobara un distinto, directamente por eso, ¿non?, exactamente como sucedeu no Concello de Pontevedra. A ver, aí houbo unha afirmación incorrecta por parte do Sr. Cubela porque eu que usei esa estrada moitísimo, moitísimo desde hai moitísimos anos, eu creo que periodicamente se corruxía unha curva, se facía non sei canto, eu recordo de sempre obras aí, desde sempre, estamos falando desde sempre pois hai 40 anos ou máis, máis, ¡eh!, bastante máis, polo tanto non é certo que non se fixera, o problema é que a estrada non dá máis de si, non dá máis de si, como a 550 tamén se lle corruxeu non sei cantas veces, 50 veces a curva, hai aí en Barro un sitio que desapareceu o monte porque ía por un lado, por outro, non sei que, fixéronse tantos trazados que ó final desapareceu o monte, ¿non?; e na 541 sucede exactamente igual. Ben, que se corruxan todas as deficiencias que ten a 541 pois é fantástico, o problema é que non dá máis de si, e non é ningunha novidade esa reclamación, estivo incluso nun plan de estradas do Estado, estivo xa, anque, con eso. Ben, ¿cal é a situación de fondo? Que hoxe as estradas secundarias, as estradas que non son de alta capacidade, alta seguridade, como se queira dicir, pois teñen os problemas que teñen, e teñen a traza que teñen, e pasan polos pobos, e pasan por tal e non é fácil, non é fácil non, é imposible lograr certa calidade de servizo. Foi quedando, foi quedando, bueno, pódese entender que era prioritaria pois a autovía do Morrazo, a autovía do Salnés, ¿non?, ou o que sexa, pódese entender, pero agora que se esta facendo xa, incluso autovías, ¿non?, se está falando sempre da autovía Estrada, de Santiago á Estrada ou o que sexa, pois creo que non é procedente esquecerse deso, porque a consecuencia é que ese territorio xa ten moitos problemas está perdendo poboación, etc., e vamos, a mans cheas vai a quedar pois vai a quedar así para sempre. Entonces facer esa previsión, que repito, estivo xa en algún plan hai



bastantes anos, calculo sobre 15 anos, pois que se estudie e se intente resolver creo que é razonabel ¿non?. Eu aquí nesta Deputación cando había aquel plan Interreg, resulta que as estradas pois eran, o Presidente era da Cañiza, era o Sr. Mera, as estradas eran Cañiza-Ponteareas, Cañiza-As Neves, Cañiza, Cañiza, Cañiza non sei canto, ¿non?, e agora pois as autoestradas, pois son Santiago-Santiago, Santiago- Noia, Santiago-non sei que, Santiago-Santiago, ou Vigo, ou Coruña. ¡Vale!, ¡ben!, pódese entender que teñan prioridade ou o que sexa; pero deixar esquecido a conexión directa de Pontevedra, ¿non?, con, bueno, con, sería co Carballiño, con Ourense ou o que sexa parécenos, parécenos excesivo, ou sea, que para ir ó Carballiño xa é mellor ir por Vigo, dar a volta e volver para atrás, ou para ir a Lalín sexa bastante mellor ir por Santiago, e volver para atrás, francamente é un indicativo de como está, de como está; e o problema é o que hai no medio, o problema é o que hai no medio, que eso pois o futuro é negro si non tal, ¿Que con esto se vai a resolver? Probablemente non ¿Que é algo que se vai a actuar, digamos que se vai a facer en 3 anos? Tampouco, pero ¡home!, cara o futuro creo que sería razonabel e así foi, digamos o que eu falei co Alcalde de Pontevedra ou o que o Alcalde de Pontevedra falou con vós; e que se falou co Alcalde de Lalín, o Alcalde de Lalín andaba, o Sr. Crespo, andaba con esto xa hai 15 ou 18 anos, se meteu nun plan, ó final desapareceu e creo que é ben telo. Porque o outro, o outro nos vai a dar para falar toda a vida, dentro de 20 anos quen este aquí volverá a falar da 541 mentras teña esa traza que non hai maneira, non hai maneira, corríxese un defecto pero vai aparecer outro, non dá máis de si, non dá máis, e para outra época, para outro tipo de tráfico, para outro criterio de seguranza viaria, e que habería que ir planificando cara o futuro e resolvelo. Francamente non vexo que problema ten o texto para non apoiálo porque é unha cuestión de futuro e bueno, xa digo, nos plans pois polo menos empezar os traballos e mirar de que algún día se lle poida poñer solución; pero desde logo Pontevedra leste, Pontevedra, o leste de Pontevedra parece que a teña negra, porque mesmo a A-57, que a votamos a andar no ano 99, 99, quero dicilo, nunha reunión co subdirector, aquí en Pontevedra e despois en Madrid, resulta que no 23 inda non hai rematado nin o primeiro cacho. Parece que o leste de Pontevedra, tanto en Pontevedra, mesmo no concello, no futuro, como cara dentro, parece que a ten negra coas infraestruturas.

Sr. Presidente.- Moitas gracias Sr. Mosquera. Ten agora o turno de palabra D. Gregorio.



Nestes intres, sendo as 12:57 horas, incorpórase á sesión a Sra. Deputada D^a. Ana María Mejías Sacaluga.

Sr. Agís Gómez.- Grazas Presidente. Nós presentamos unha emenda para tratar de dar sensatez a unha moción que é unha especie de corta e pega, no que foron engadindo cousas e que floxea moito, tanto pola súa redacción como polos obxectivos que di perseguir e pola maneira na que este “Pacto de Pedre” xurdido a partir dun tráxico accidente de autobús foi evolucionando nunha dirección errática. Tamén vou a dicir que si o texto é fixo, si é un texto inamovible, senón, ¿que sentido ten traela aquí a debate, non?, a firman e punto. Emendámola tamén porque o Grupo municipal socialista non é partidario de mocións sobre estradas á luz dun accidente concreto, iso é algo que se lle dá ben ó Sr. Cubela, que xa trouxo aquí no mandato pasado unha moción despois dun accidente na estrada provincial de Catoira a Carracedo, e que hoxe nos trae outra sobre unha estrada nacional, pero non nos trouxo nunca ningunha moción despois dun accidente mortal nunha estrada autonómica, e houbo moitos, mesmo no seu propio municipio como sabe ben. A Deputación xestiona 1.700 quilómetros de estrada por toda a provincia, a pesar do traballo feito nestes últimos anos queda moito que facer, e mais a suma, practicamente, os quilómetros das estradas provinciais é o equivalente ás estradas estatais e autonómicas, así que debemos concretar os nosos esforzos con responsabilidade e continuar avanzando e sendo referencia en seguridade viaria. A nosa emenda tenta dar un pouco de sentidiño ás quebracabezas e propostas que saíu tras a súbita incorporación do Alcalde de Pontevedra, o Sr. Lores, a este “Pacto de Pedre” que se traduciu nunha sorprendente proposta dunha autovía entre Pontevedra e o Carballiño, nada menos, unha proposta descartada polos gobernos de todas as cores políticas e que mesmo estivo no plan estatal de infraestruturas en tempos da ex-ministra, Ana Pastor, que descartou. Así que resulta cando menos pintoresco que agora se resucite sen ningún aval técnico, coa dificultade que ten da orografía, resúltanos rechamante que se desempolve esta proposta de aí 20 anos para conectar por autovía Pontevedra a unha localidade doutra provincia de 14 mil habitantes, no que é que aquel vello proxecto unía Pontevedra con Ourense non co Carballiño. Pero máis rechamante resúltanos que se tente pasar no bico dos pés sobre algo moito máis razoable que sería mellorar as conexións coa comarca do Deza, ao que desaparecese do mapa a histórica demanda, a histórica demandada autovía entre Pontevedra e Villagarcía, cousas que terían moito máis sentido que esta ocorrencia. Por iso na nosa emenda suxerimos apostar decididamente polo remate da A-57, ou sexa, a circunvalación de Pontevedra, xa en marcha, para



continuar como estaba previsto dende Vilaboa ata Confurco, desta forma garantimos un trazado continuo en alta capacidade entre Pontevedra e Ourense, porque ese era o obxectivo real daqueles vetustos plans de hai 20 anos. No que si lle damos a razón ó Alcalde de Pontevedra é na necesidade de mellorar a conexión entre Forcarei e a Comarca do Deza e, por tanto propoñemos que a Consellería de Infraestruturas da Xunta de Galicia inicie o estudo informativo e planifique a execución da obra de conversión da PO-534 cara Lalín para adaptar o seu trazado a unha autovía; iso si que vertebraría as conexións cara o interior da provincia e suporía un impulso social e económico. Por outra banda, non podemos deixar de mencionar que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana xa ten en execución as obras de mellora do viaduto de Pedre, onde se produciu o accidente de autobús en noite boa; e ten en marcha o investimento doutros 4 millóns de euros para mellorar a capa de rodadura e os sistemas de contención de todo o seu trazado na N-541 pola provincia de Pontevedra. Con todo non temos inconveniente en apoiar o punto no que se demanda a máxima axilidade para estas obras si se incorporase as nosas demandas e a nosa emenda á proposta de resolución. Moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas Gregorio. Ten a palabra o Sr. Cubela.

Sr. Cubela López.- Ben, Sr. Presidente, ao mellor agora si que poño un pouco a camiseta de portavoz do Partido Popular. Mire, Sr. Mosquera, o único que lle vou a dicir perfecto todo o que dixi, agradecerlle que o Alcalde de Pontevedra e o Partido Popular de Pontevedra apoiaran esta moción, o trato do Alcalde de Pontevedra foi exquisito, quedamos enormemente agradecidos, e entendeu perfectamente que o que pediamos era algo razoable. Punto i aparte co Bloque. Ao Psoe, ao Psoe, mire Sr. Agís, sabe que o aprecio persoalmente, podo recoñecerlle a súa capacidade política e de traballo pero vostede hoxe a este Pleno trouxo un texto, leuno con moita atención, despacio, ao mellor nalgún punto do que lle puxeron diante nin opina o mesmo, pero voulle a dicir o que opinan alcaldes do seu partido que pensan coma min; o Alcalde do Carballiño, dun concello dunha poboación interesante, importante, ou o Alcalde de Maside que goberna con maioría absoluta no seu concello, ou tamén a Alcaldesa do Irixo, que é dunha plataforma independente. Non me faga caso a min, xa sei que son do Partido Popular e queimamos as naves, en fin, todo o que sempre di, ¿non?, fágalle caso a estes alcaldes, mire, estes alcaldes o que din, conxuntamente a través do “Pacto de Pedre”, é que esta estrada, tamén nos seus concellos, non só en Cerdedo-Cotobade, hai accidentes, o estado de conservación é malo, está



deteriorado, e vostede acaba de criticar o que opinan os alcaldes do seu partido; acaba de dicir que o movemento do “Pacto de Pedre” é errático, que esta moción é unha ocorrencia i, polo tanto acaba de faltarnos ó respecto a todos. Voulle a dicir, mire, claro que o accidente de noiteboa nas circunstancias nas que se produciu, na data que se produciu nos cambiou a vida a estes 7 alcaldes e a súa maneira de pensar, i sobre todo a min, non iba a dicir o que vou a dicir pero vouno a dicir, porque o que estivo alí esa noite dende as 9 e media da noite fun eu, e o que transita dende esa estrada dende fai 34 anos, porque vivo a 3 metros lineais desta estrada e sei os cruces, i as entradas, i os accesos aos lugares, aos poboados, como están, a visibilidade, a falta de sinalización, a falta de pintura nas liñas da estrada, nos carrís de adiantamento, que case non se diferencia a liña do pavimento, o queremos reclamar. Mire Sr. Agís, un tema non parecido pero tamén na N-541, nunha grande porcentaxe costoulle a alcaldía o Alcalde de Cotobade, pola falta de xestión do goberno de Madrid, da delegación do goberno, que era un pontevedrés, todos representantes do Partido Socialista, como se lle denominou ao burato da vergoña en Viascón, unha obra parada durante máis de 5 anos ocasionando accidentes no tramo da parálise da obra. Póñanse de acordo nese partido que aínda se segue chamando Partido Socialista, porque de Socialista i de apoiar á xente nada. Regades afirma “que la autovía ao Carballiño es prioritaria para incluír en los Presupuestos Generales de 2024”, oe o 6 de outubro, ¡eh!, inda non tomamos nin as uvas con esta publicación. Delegado do Goberno “el gobierno estudiara la propuesta de la Autovía do Carballiño pero máis adiante”. Non falan moito entre vostedes. PSOE municipal, Iván Puentes, que foi Alcalde de Fene, “esa conexión debe producirse a través da Autovía A-57”, tres posturas distintas para o mesmo tema. Señores do Psoe, séntense a comer ou a cenar ou a tomar un café i falen entre vostedes, i non nos tomen máis o pelo, porque nós dende o “Pacto de Pedre”, con alcaldes tamén do Partido Socialista, temos as cousas moi claras. Unha capa de rodadura nova e non un asfalto agrietado, mellor sinalización horizontal e vertical, i mellora dos accesos aos lugares de poboación, que teñen tanto dereito os veciños de Cutián ou de Punxín a ter uns bos accesos que os veciños de Tomiño. Máis nada Sr. Presidente.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. ¿Non sei se alguén quere ter a palabra ou procedemos á votación? Vale, ten a palabra D. Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- Sr. Cubela, eu vivo a carón da PO-308, no Concello de Poio, cunha maior accidentalidade, eu non lle vin nunca traer aquí unha moción, nin



Ile vin preocuparse por ese tema, unha carretera dependente da Xunta de Galicia, que ten un traxecto que vén dende O Grove ata Pontevedra. Por certo, podemos comparar cal é o estado da estrada no tramo de Sanxenxo e cal é o estado da estrada no tramo de Poio, esa é a gran diferenza. Apoiamos a mellora do firme da Nacional 541, o que pasa é que nos impiden votar a favor da moción porque non queren entregar, non queren asumir as nosas demandas, traen un texto pechado; insisto, se traen un texto pechado non o traian a debate, o firman e o entregan. A realidade é que fan disto, e o historial é longo, dun accidente, dunha noite, dun accidente de noiteboa, algo que compartimos ao 100%, coa mellora da estrada, e de feito Fomento está traballando, o Ministerio está traballando na mellora do firme, na mellora desa conexión, cousa que apoiamos, pero vostede, ¡eh!, vostede especialmente, fixo unhas declaracións onde censurou o que decía a Subdelegada do Goberno, Maica Larriba, ¡eh!, onde dicía que, bueno, que se producen accidentes e que é inevitable, pero que, evidentemente, iban a adoptar medidas, no que facía referencia a que o accidente se producía non por un mal estado da vía, senón que o informe da Dirección Xeral de Tráfico establecía que era por un exceso de velocidade, cousa que vostede censurou. No “Pacto de Pedre” fala de non politizar o tema, evidentemente, o están politizando sistemáticamente. Preguntamos se a este Pleno van vir con máis propostas sobre estradas da Xunta, neste sentido, porque se é así lle suxiro que para o próximo traia a da PO-308 en Poio, porque ten un gran problema de accidentalidade, con casos moito máis graves da que estamos a falar e cun problema de estado do firme lamentable, con problemas de drenaxe, con problemas de seguridade peonil. En canto ao “Pacto de Pedre”, que vostede Sr. Presidente di na súa proposta que non busca confrontación política nin institucional, temos algo que dicir, o “Pacto de Pedre” xurdiu por mor dun accidente, como dicíamos, en noiteboa, baixo un temporal realmente adverso, por aquelas datas Adif suspendía as conexións ferroviarias en varios puntos; días despois do sinistro, as condicións meteorolóxicas moito menos adversas, a Xunta suspendeu a circulación do transporte escolar, igual deberíamos reflexionar tamén sobre eso, reflexionar tamén para que non volva a pasar. O punto número 2 do “Pacto de Pedre” di que os alcaldes asinantes comprométense a non facer utilización política e partidista del, pero o propio documento orixinal inclúe un recadro en branco e co nome da Alcaldesa de Forcarei cunha evidente mostra de descortesía, Sr. Cubela. Durante aquelas datas o Sr. Alcalde de Cerdedo-Cotobade permitiase criticar publicamente á súa colega de Forcarei, obviando que ela optou por traballar dende o seu concello para mellorar a Nacional 541 ao seu paso por Soutelo. E optou ademais por non rebaixarse a responder ás súas insistentes ataques Sr.



Cubela. Curiosamente aquel documento orixinal non incluía o nome do Sr. Alcalde de Pontevedra, con outro recadro en blanco, como que o Sr. Cubela dedicou á Alcaldesa de Forcarei. E iso a pesar da extensa quilometraxe da Nacional 541 no término municipal da capital. O nome do alcalde de Pontevedra apareceu no documento ...

Sr. Presidente.- Sr. Gregorio, vaia rematando.

Sr. Agís Gómez.- ... -si, vou rematando-, cando decidiu asinalo varios meses despois, introducindo esta autovía a Carballiño. Un pacto nado así, cun recadro en blanco e declaracións hostís ¿pode ser tachado de construtivo ou apartidista, Sr. Cubela? ¿de verdade?

Sr. Presidente.- Sr. Gregorio, leva máis dun minuto pasado o tempo, a ver, eu, entenda que deixamos sempre, pero, vale. Ten a palabra para pechar o Voceiro Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Porque decidimos que pechara eu Sr. Mosquera. Bueno, eu, se mo permiten todos vou a rematar brevemente. Nin vou gastar o consumo do tempo. Dóeme ter que dicir o que vou a dicir, porque a verdade é que a pretensión do “Pacto de Pedre” é clara, reunímonos con representantes de distintas forzas políticas, o alcalde de Ourense é dunha forza política cun nome e un apelido, o alcalde de Pontevedra é doutra forza política, e os Presidentes das Deputacións de Pontevedra i de Ourense son doutra forma política, doutra formación política; i nós conformamos este Pacto alcaldes de distintas forzas políticas. É unha verdadeira vergoña a réplica que acaba de facer o deputado Gregorio Agís sobre todo arredor deste tema. Considéroa unha intervención dolosa hacia todo o mundo, hacia os meus veciños, hacia os alcaldes que conformamos o “Pacto de Pedre” ao intentar equiparar i comparar o que non é comparable en ningún caso. Non, non, non, se vostede colle o seu coche i sae de Pontevedra e chega ao Carballiño vai ver as numerosas cruces i ramos de flores, porque os hai, non o estou dicindo eu nin os fun eu a poñer, que hai na Nacional 541. Se vostedes cren que o segundo suceso de desgracia dun transporte público que foi un autobús do transporte por carretera en Galicia nos últimos 20 anos é comparable a algo, entón, apague i vámonos. Mire, eu creo que se non lle quedou claro todo o que lle dixen antes pois non o vou a convencer de nada; vostede veu aquí coa chaqueta do Delegado do Goberno, do Partido Socialista, i enxuízame polo que eu dixen e puxen nun papel. Miren, todo o que aprobamos no “Pacto



de Pedre” aprobámolo por unanimidade; a Alcaldesa de Forcarei estaba convocada igual que os demais alcaldes á primeira reunión do texto fundacional, había un oco para a Alcaldesa de Forcarei, porque críamos que ía antepoñer os intereses dos seus veciños e do seu concello aos do seu partido, e quedou ese espacio bastante orfo, non fomos nós, foi ela a que decidiu non firmar nun texto que estaba preparado previamente, polo tanto, vostede defenda a quen queira. Eu voulle dar un consello, mire, para ter éxito en política pode parecerse ao alcalde do Carballiño ou de Maside ou parecerse ao exalcalde de Cotobade, que perdeu a alcaldía, vostede elixa i decida; os alcaldes que saben defender aos seus veciños, aos seus territorios, é máis, aos candidatos que representan as poboacións son os que soen ter éxito no seu final político. Non sei se vostede ou vostedes vivirán o seu epílogo político neste mandato pero estoulle seguro que os meus veciños i os veciños dos sete territorios deste pacto teñen claro que o único que nos move é defender a seguridade da Nacional 541, porque no Estado gobernaron distintas forzas políticas i a situación é a mesma, por iso abandonamos a unilateralidade i nos xuntamos, i nos xuntamos, *-ríase Sr. Font, pero ríase, por suposto, pero lo acabo de decir, y ustedes niegan la máxima, con toda esta relación y concatenación de sucesos en los últimos días-*.

Sr. Presidente.- Sr. Cubela, vaia rematando, por favor.

Sr. Cubela López.- Así que, díganle al Sr. Regades, al Sr. Delegado del Gobierno y al Sr. Iván Puentes y a ustedes también, que hagan una reunión y tengan claro que proyecto de infraestructuras quieren para la provincia y para Galicia.

Sr. Presidente.- Procedemos á votación do punto número 8. Proposta da Presidencia en relación co “Pacto de Pedre”. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? Queda aprobado por un número total de votos de 17.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e coas abstencións do PSdeG-PSOE, aprobar a proposta da Presidencia en relación co “Pacto de Pedre”.

Dita proposta é como segue:

O Presidente da Deputación de Pontevedra, D. Luis López Diéguez, con data 17 de outubro de 2023, asina unha proposta para adherirse ás peticións que encabezan os sete concellos agrupados en torno ao “Pacto de Pedre” para esixir a mellora integral da estrada nacional N-541, co obxecto de que o Pleno desta



Corporación Provincial adopte unha serie de acordos que figuran na citada proposta, cuxo contido é o seguinte:

“A mala situación de conservación na que se atopan algunhas estradas en Galicia ten un dos seus exemplos máis significativos na N-541, un viario de competencia estatal que une as localidades de Ourense con Pontevedra, e viceversa, percorrendo os termos municipais de Punxín, Maside, Carballiño, Boborás e Bearíz, en Ourense e Forcarei e Cerdedo-Cotobade en Pontevedra.

Esta estrada é tristemente coñecida en todo o Estado polo alto grado de sinistralidade, con preto dun centenar de accidentes rexistrados ao longo do ano 2022, entre eles varios con falecidos, como o que aconteceu na pasada Noiteboa cando un autobús con pasaxeiros precipitouse ao río Lérez, deixando 7 falecidos e 2 feridos.

Esta circunstancia motivou a varios alcaldes a impulsar o coñecido como “Pacto de Pedre”, no que a través dunha fronte común municipal comprometéanse a esixir ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, como titular da vía, melloras no trazado da estrada e no estado de conservación e mantemento do seu firme. A devandita iniciativa, foi promovida polos alcaldes de Cerdedo-Cotobade, Punxín, Maside, O Carballiño, Boborás, O Irixe, Beariz e as cidades de Ourense e Pontevedra.

Entre as deficiencias desta estrada figuran un asfalto deteriorado e problemas de drenaxe, que provocan a falta de adherencia da vía, problemática que se intensifica cando chove abundantemente, así como un cuestionable trazado e innumerables tochos e depresións da superficie da estrada que levan a que os vehículos perdan estabilidade ao seu paso.

En consecuencia, queda demostrado que é necesaria unha actuación urxente nesta infraestrutura estratéxica que precisa unha mellora integral. De feito, esta vía de titularidade estatal vertebra gran parte do territorio que percorre e dá servizo a unha poboación de máis de 218.000 habitantes, que conecta as Rías Baixas co interior de Galicia e coa Meseta, e que ademais vén soportando un volume de tráfico inxente.

Esta reclamación do “Pacto de Pedre” non busca ser un motivo de enfrontamento político ou institucional senón un acto de reivindicación conxunta



en defensa activa dos nosos territorios e veciños e de chamamento urxente á mellora da seguridade viaria. En definitiva, o obxectivo perseguido é a procura de alternativas positivas entre as administracións para dar resposta a unha realidade que afecta moi directamente á veciñanza e aos distintos usuarios desta vía.

En virtude de todo o exposto, propónse ao pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1. Adherirse ás peticións que encabezan os sete concellos agrupados en torno ao “Pacto de Pedre” para esixir a mellora integral da estrada nacional N-541, conscientes da importancia que esta vía de comunicación ten para os veciños destes concellos, das dúas provincias e da nosa cidade.
2. Solicitalles aos Grupos Políticos do Parlamento de Galicia que apoien as iniciativas que os alcaldes están impulsando desde o “Pacto de Pedre” para trasladarlle ao Goberno Central a necesidade de acometer a mellora integral da seguridade vial na estrada N-541, ao tempo que emiten unha declaración de apoio pública da necesidade de mellora.
3. Demandarles á Xunta de Galicia e ao Goberno Central o inicio dun estudo para a creación dunha autovía Pontevedra-Carballiño, con conexión cara Lalín, que permita unha mellor vertebración viaria do interior da provincia de Pontevedra, ao tempo que crea unha alternativa eficaz á N-541, vial que hoxe funciona como único trazado real para a veciñanza e traballadores.
4. Instar ao Goberno de España a que acometa, coa maior urxencia posible, a mellora integral da estrada N-541 Pontevedra-Ourense, na totalidade do seu percorrido, de tal xeito que se garanta a seguridade da vía e reduza a elevada sinistralidade que presenta.”

9.8070.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) EN RELACIÓN Á INTERPOSICIÓN DUN RECURSO DE INCONSTITUCIONALIDADE CONTRA A LEI DE ORDENACIÓN INTEGRADA DO LITORAL, APROBADA POLO PARLAMENTO DE GALICIA O 4 DE XULLO DE 2023 (EXPTE. 2023064498)**



Sr. Presidente.- Seguinte punto da orde do día, que é o número 9. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en relación a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o 4 de xullo de 2023. Ten a palabra a Voceira do Partido Popular María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Moi ben, moitas grazas Presidente. Bo día a todos e a todas. O recurso do Goberno Central contra a Lei do Litoral galega supón na práctica a suspensión inmediata de dita norma. Lamentablemente isto pon freo ao seu desenvolvemento, á súa aplicación, co conseguinte prexuízo para as actividades que se desenvolven na costa e por conseguinte para os concellos, para as asociacións, pero sobre todo tamén para as empresas vencelladas á mesma. Este asunto que desde o noso punto de vista é vital para Galicia, para esta provincia tamén, temos que lamentar que se presentase sen iniciar antes un proceso de diálogo, cunha comisión bilateral, baseándose nun suposto informe do Consello de Estado, do que non temos ningunha información, e esperando ata o último momento para poder presentalo. Galicia, polo seu Estatuto de Autonomía, no seu artigo 27, ten plenas competencias para ordenar a súa Costa como o avalou xa o Consello Consultivo de Galicia e antes o propio Tribunal Constitucional. A Lei do Litoral non vai contra ninguén, senón que responde á defensa dos lexítimos intereses de Galicia. De feito a súa longa participación de distintos axentes, do Observatorio do Litoral, do profesorado das tres Universidades galegas, sin que ningún destes expertos xuristas consultados lle veu trazas de inconstitucionalidade. Polo tanto, estamos agora mesmo nun panorama que reflicte inseguridade xurídica, incerteza e perda de oportunidades tamén para a nosa Costa. O recurso do Estado non se supón paralizar a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral, senón que implica tamén un grave prexuízo para ditas actividades, que se desenvolven na nosa Costa, é dicir, para os concellos, para as asociacións e para as empresas que están ligadas á mesma. Por eso desde que tivemos coñecemento da interposición deste recurso se iniciou unha rolda de contactos cos sectores máis afectados de cara a coñecer as súas necesidades e as consecuencias que lle provoca esta situación. Por exemplo, no caso dos concellos costeiros, se paraliza a posibilidade de dotar dos servizos básicos aos galegos que viven no litoral, por exemplo, servizos importantes como o de abastecemento de auga ou de saneamento. Temos tamén graves efectos desta parálise desta Lei na cadena mar-industria, que desde o ano 2008, perdón 18, e van alá xa 5 ou 6 anos, non se deu ningunha nova concesión en Galicia, nin sequera para a reposición de servizos mínimos que son fundamentais no dominio público marítimo-terrestre.



A realidade ¿cal é?, é que todas as que se deron foron prórrogas debidas e non quedaba outra máis que dalas. Agora quedan paralizadas todas as solicitudes recibidas desde a aprobación da dita Lei galega por parte de todos os concellos que é a que temos e que temos a obriga de poñer en marcha servicios no dominio público marítimo terrestre. E tamén se conxelan as solicitudes de industrias do sector con proxectos para ampliar instalacións ou para acometer reposicións nas xa existentes. ¿Que nos trae esto consigo? Que este recurso do Estado paraliza sen dúbida a promoción e a produtividade económica da nosa costa. É un trato absolutamente diferenciado con respecto a outras comunidades autónomas que non nos merecemos é que creo que non deberíamos consentir. Chama moito a atención que, de verdade, que o Estado no último minuto, no último minuto do seu tempo, exerza dita competencia e hai agravios indirectamente, absolutamente e totalmente comparativos por excelencia hacia Galicia. É verdade que a nosa Comunidade Autónoma é a primeira en contar cunha norma propia, que regula, ordena e xestiona o noso litoral. ¿E isto que significa? Que poderemos desenvolver o noso litoral con certos parámetros, é verdade, e implicando tamén áreas de protección ambiental, áreas de mellora ambiental e áreas de reordenación. ¿Que supón?, para que nos entendamos, pois que a cadena mar-industria na industria alimentaria poderá desenvolverse, unha rede de sendas no litoral que poderá desenvolverse, unha rede de establecementos, que existen xa, moitos, turísticos, no litoral que poderá desenvolverse, e as intervencións tamén sobre dito patrimonio cultural do litoral que poderán desenvolverse. Por suposto, o uso pesqueiro, o uso marisqueiro, o uso acuícola, e por suposto, e finalizo, os servizos públicos fundamentais que nos afectan a moitísimos concellos, de abastecemento, de saneamento e de depuración de augas residuais de calidade. Polo tanto, e para finalizar, creo sinceramente, e me dirixo ao resto dos grupos para pedirles o seu apoio, creo que é unha moción que é perfectamente votable, se mo permiten, non contou con ningún voto en contra no Parlamento de Galicia, se admitiron o 39% das 85 emendas que presentou o Grupo Parlamentario do BNG. Deberíamos sen dúbida tratar de defendernos e tratar de votar todos a favor. Urxe unha resposta e urxe, evidentemente, por interese dos concellos, por interese dos afectados e por interese, e definitiva, de todo o tecido produtivo da nosa costa. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sra. Ramallo. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente. Houbo un presidente de, unha persoa, un destacado membro do Partido Popular que á parte foi Presidente



desta Deputación, que foi o Sr. Cuiña, que dicía que o PP era nacionalista ata a fronteira da autodeterminación, nunca houbo quen entendera eso pero él explicouno con, francamente, con aquel entusiasmo que o caracterizaba en declaracións así grandilocuentes, tamén foi o que inventou aquilo do “talón de grelos”, ... porque aínda existía e aínda estaba vivo o recordo do telón de aceiro, etc. E o que fixo, a iniciativa da Consellería ou da Xunta de sacar esta Lei nós aplaudímola, nós votamos a favor no Parlamento porque realmente pois parecía que incluso pasaba, non chegaba ata a fronteira senón que incluso poñía un pouco o espacio político da autonomía pois case na autodeterminación, ¿non?, cousa que nós defendemos e somos moi criticados por eso e lóxicamente pois votamos a favor, sen pararnos a pensar cales son as, a pensar, vamos, a ter en conta, que somos moi conscientes diso, e digamos de certas dúbidas sobre o espírito conservacionista ou proteccionista do PP con respecto ao noso litoral, pero, exercer competencias pois pareceunos que era bo. O que nos sorprende, - vamos a votar a favor, ¡eh!, Sra. Ramallo estaba preocupada, non se preocupe que vamos a votar a favor-, pero claro, o que nos sorprende é que non se pida ningunha competencia durante tropecentos anos, ¡eh!, dende o ano 2010 ou 2009, e agora de repente non é que se pida unha competencia senón que se exerce a competencia cando pode haber dúbidas ou non sobre a súa, sobre o seu exercicio. Esa, así me gusta, eu creo que si o PP quere realmente pois, ¿non?, defender os intereses de Galiza e demais pois nós estimamos que é un bo camiño, o problema é que despois temos que escoitar que la convivencia, que todo, que non sexamos conflitivos, etc., que os galeguíños que pidamos por favor e demais, e despois resulta que nos vén un zapatazo deste tipo, que por outro lado neste caso fíxoo o Estado co Psoe pero tamén o ten feito o PP no seu momento, cando gobernaba no Estado, etc. Claro, esa é a situación, a nós gustaríanos que fora un pouquiño alá e dicir, bueno, pois vamos a modificar, ¿non?, e a, a modificar cando menos o Estatuto, vamos a poñer unha serie de competencias, pero en profundidade, non só por esto, senón en profundidade e realmente pois ir aumentando, aumentando o autogoberno. Lamentablemente me parece que non está, o cal é un pouquiño contradictorio, un pelín contradictorio, pero repito, dado que fixeron unha actuación que a nós nos parece que é a línea, casado como sexa, ¿non?, digamos a forma, como sexa, ¿non?, modificación do Estatuto ou exercer as máximas competencias pois vamos a votar a favor. Tampouco entendemos moi ben que teña moito sentido á parte da campaña electoral traelo aquí, pero bueno, se é unha Lei do Parlamento Galego eu creo que se defende de sobra a Xunta e o Parlamento Galego como para, vamos, pero bueno, xa que o traen pois fixamos a postura e non hai, a cousa non



vemos que vaia por aí, neste caso si por intereses moi discutibles, pero non hai nada que nos alegraría máis que o PP volvera ás palabras, non sei se o espírito da época do Sr. Cuiña, e realmente pois fora un PP, vamos, cuasi nacionalista, ¿non?, na fronteira esa que definía, ¿non?, non hai nada que nos satisfaría máis. Claro que son outros tempos, daquela resulta que o PP quería, había un sector do PP que quería xogar a ser como CIU, sen ser CIU, etc., pero foron outros tempos, agora me parece que van, pero bueno, repito, se queren andar rascando na fronteira da autodeterminación, porque xa sabían que o Estado lle pode anular dun, llo pode anular, saben cal é o marco, ¡eh!, xa o sabían, incluso a propia Lei trae unha transitoria que di, bueno, para que non nos apliquen o barrazo xa poñemos aquí que nós mesmos non se poderá actuar e tal, ¿non?, o sea, a propia Lei, en fin, é dicir, bueno, vamos a rascar, vamos a forzar, vamos a rascar a ver si cola e vamos a ser bos e poñemos unha, creo que é a transitoria segunda ou non sei que, bueno, moi ben, pois tal. Pero repito, benvido á fronteira da autodeterminación por parte do PP e por ese camiño vamos a votarlle a favor.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Mosquera. Ten a palabra D. Carlos Font.

Sr. López Font.- Bueno, la verdad es que esta es otra moción presentada por el PP que parece más bien que continúan en la oposición. Pero Sra. Ramallo, voy a empezar con una pregunta ¿si los servicios jurídicos del Gobierno y del Consejo de Estado consideran que esta Ley vulnera la Constitución que tiene que decir este Pleno?, porque no se entiende traer esta moción aquí. Esta moción es otro ejemplo perfecto de lo que nosotros calificamos como debatiños, debates que corresponden al Parlamento del Estado o corresponden al Parlamento de Galicia en el que aquí en el Pleno de la Diputación de lo que hay que hablar es de la siguiente moción que presentamos nosotros y que afecta a las finanzas de los ayuntamientos. Por lo tanto, siguen ustedes, anteriormente era el Sr. Cubela con la moción de amnistía y demás. Mira, muy interesante lo que acaba de decir el Sr. Mosquera anteriormente, porque ustedes que abrazan tanto la Constitución, que no la votaron a favor, resulta que se comportan como un partido independentista, cuando no han sido capaces de modificar el Estatuto de Autonomía en catorce años nos viene usted a hablar aquí de diálogo. Y le pregunto yo ¿qué diálogo ha tenido la Xunta de Galicia con el Gobierno del Estado en previsión de que esto fuera inconstitucional? Absolutamente ninguna, todos los perjuicios de los que ha hablado usted son responsabilidad del Partido Popular. Mire, ustedes han hecho gala de que no han querido modificar el Estatuto de Autonomía en catorce años y ahora vienen con una vuelta de tuerca



absolutamente incomprensible. Esta es una Ley, ustedes que presumen de ser un partido de Estado, es una Ley de desconexión con el Estado en materia de Costas, es un desafío a la Constitución, Sra. Ramallo, y al propio Estado. Y lo único que han buscado, porque ha dicho la fecha, inicio del mes de julio, es un choque institucional en una época preelectoral, porque es que, fíjese, el recurso de inconstitucionalidad, que usted dice un supuesto informe del Consejo de Estado, impugna 31 artículos, más del 40% de la Ley, es por lo tanto una impugnación muy sustancial. Ustedes, el Partido Popular, dan por hecho que el Tribunal Constitucional lo va a admitir y a ustedes les delata el modo en el que están actuando políticamente últimamente, porque ahora van a sacar al sector y a la gente a la calle como hicieron en Madrid en otra manifestación. Sra. Ramallo, las causas de inconstitucionalidad son de mucho calado, de mucho calado, y por lo tanto es una Ley que lo único que pretende es armar ruido preelectoral. Y miren, se está haciendo énfasis en las empresas de cadena mar-industria y se está diciendo que hay una serie de perjuicios y demás, pero a ustedes lo único que les importa como Partido es la confrontación, y esta Ley lo único que ha buscado es la confrontación con el Estado, habla de concesiones y habla de situaciones y hay que decir la realidad, Sra. Ramallo, desde junio del 2018, en cuanto a las solicitudes de prórroga que correspondían al Gobierno del Estado se aprobaron todas menos una que incumplía los requisitos legales; y el Ministerio de Transición Ecológica resolvió e informó favorablemente 55 prórrogas extraordinarias. Por lo tanto, no apelen ustedes al sector, ojalá hubieran pensado en el sector antes de llevar al Parlamento de Galicia una Ley que podía ser perfectamente inconstitucional. Por lo tanto, la pregunta es ¿qué seguridad jurídica tienen las empresas a las que apelan ustedes y a las que dicen defender si no han sido capaces de dialogar, de consultar y de pensar cuál pudieran ser las causas de inconstitucionalidad? Aquí hay una falta de lealtad institucional y la Xunta se debería de haber sentado con el Gobierno del Estado. Pero miren, vamos a hablar de futuro y vamos a hablar de futuro porque les puedo afirmar que con el comportamiento que tiene el Partido Socialista si finalmente se consigue la investidura de Pedro Sánchez la administración del Estado tendrá lo que no ha tenido la Xunta de Galicia, que es la capacidad de dialogar, la capacidad de sentarse y de dar certeza a las empresas. Porque traer esta moción, Sra. Ramallo, es muy mal síntoma, es hacer un seguidismo de lo que hace la Xunta de Galicia, deje, usted estuvo allí, deje el Parlamento de Galicia para que debata lo que corresponde, pero la perversión de utilizar este Pleno de la Diputación al que le corresponde preocuparse de lo local para buscar apoyos de



una Ley que ustedes sabían que era inconstitucional dice muy poco de su grupo, y dice peor, muy poco de aquellos a los que dicen defender. Gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Font. Ten a palabra a Voceira María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Moi ben, moitas grazas Presidente. Bueno, agradecer, en primeiro lugar, o voto favorable do Grupo Provincial do BNG. Eu coñecín ao Sr. Cuiña, ¡nacionalista, nacionalista, non me parece ou non me parecía!, nin sequera na fronteira, máis ben, bueno, pois con, evidentemente galeguista, reformista, ata aí lle acepto, pero nacionalista, bueno, o que eu traballei con el dende logo non mo pareceu. Pero independentemente deso si é verdade que tiña esa sensibilidade, é verdade que defendía ata o final, e de eso se trata. Para chegar a esta tramitación desta normativa houbo moito polo camiño, e xa aproveito para contestarlle tamén ao Sr. Font, claro que houbo moito polo camiño, e claro que é pertinente absolutamente traer esta moción a este Pleno, porque hai moitos concellos afectados pola parálise de poder tramitar actuacións, autorizacións e obras en zona de dominio público marítimo-terrestre, zonas, evidentemente obras hidráulicas, de infraestruturas, de saneamento, que están paralizadas. Si alguen que xestiona a administración ten “medo” ou trata de simplificar actuacións con algún organismo estatal, lle digo a verdade, que se intenta por terra, mar e aire, a problemática que hai para entenderse con Costas do Estado, evidentemente, porque concorren nesa zona, nese dominio público marítimo-terrestre, concorren varias actuacións e autorizacións. Claro que se fixo traballo desde a Xunta de Galicia, ... desde Ordenación do Territorio, o POL, no seu momento, e xa cando se acude a tramitar unha Lei que evidentemente está baixo a protección das competencias do propio actual Estatuto de Autonomía de Galicia, porque hai outras Comunidades Autónomas que teñen unha Lei moi parecida a esta, evidentemente xestionan estas competencias, si que nos parece un agravio, e non sei si a política que se quere facer é do outro lado, é dicir, ¿por que a Galicia non?, non somos sospechosos de non ser colaboradores nin de ter enfrentamentos permanentes, pero si queremos ser sospechosos de defender a ese sector, evidentemente. Hai moitas máis industrias das que vostedes cre en situacións límite, e hai fondos europeos que teñen que tramitar estas industrias que non lle están sendo autorizados e polo tanto non poden facer esas inversións porque lles falta a autorización de Costas. E, polo tanto, non sirve de nada que teñan proxectos europeos e financiación outorgada se despois non poden executala. Polo tanto, si lle digo que é urxente, si lle digo que é pertinente, home, independentista non me vexo eu, colaboración toda, voume quedar coa última



parte da súa intervención, e como lle decía no anterior Pleno, eu creo na investidura do próximo Presidente do Goberno que vai ser Pedro Sánchez, penso que non sei se serei a que máis cre nela, pero o futuro, evidentemente, ten que pasar por resolución de toda a problemática que temos, os concellos, a cadena mar-industria, todo o tecido produtivo para seguir desenvolvendo o noso litoral, que o temos feito e está aí para ver. A costa galega non ten nada que ver nin coa do Levante nin con Andalucía nin con Canarias. Non se nos pode aplicar a mesma normativa. E finalizo, e lle poño un exemplo, nós estivemos 34 anos sen poder tramitar un Plan Xeral de ordenación municipal gracias a que se cambiou e se modificou a propia Lei de Costas do ano 88 e territorios, e xa non digo Marín, como Moaña e como outros, pudemos a través de esa modificación e desa resolución, a través dun regulamento aprobáronnos os plans xerais, e se nos poñemos así podemos chegar a pensar que non houbera coa Lei de Costas permitido pois entornos como o de Combarro, por exemplo, por exemplo. Polo tanto, sabemos tratar urbanísticamente o noso territorio e hai que darlle unha solución e ata o de agora non deixaron outra alternativa que tramitar esta Lei, porque lle digo a realidade, se intentou por terra, mar e aire, calquera outra alternativa e calquera outra solución. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente.- Grazas Sra. Ramallo. Ten a palabra D. César Mosquera.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Grazas Sr. Presidente.

Sr. Presidente.- Un segundiño, porfa, intento parala e non para, Mosquera, espera un segundo, porfa.

Sr. Mosquera Lorenzo.- ¿Atrancou?

Sr. Presidente.- Atrancou. Ou é culpa do dedo, non é o caso. Pois non vai. Non sei se están aquí os servizos ...

Sr. Mosquera Lorenzo.- Total co caso que se está facendo neste Pleno ... vai a ser exactamente igual, ¿non?, que eso ten a súa historia porque ...

Sr. Presidente.- Salvo si garantiza que intervén menos de tres minutos, pois.

Sr. Mosquera Lorenzo.- Normalmente sempre me sobra tempo, son dos poucos que me sobra. É excepcional.



Sr. Presidente.- Porque así dámoslle continuidade ao Pleno, senón ...

Sr. Mosquera Lorenzo.- Si, si, vale. Mire, Sra. Ramallo, mellor non entramos no fondo, porque que por exemplo conserveiras que se foron a un polígono industrial, ¿verdade?, teñan que competir con outras que o peixe vén a un porto, do porto camiión, e despois do camiión volver a dominio público, e dicir que eso é necesario que estea en dominio público, cando menos é discutible e aínda por riba entra no problema da competencia, o sea, os que fixeron o que tiñan que facer resulta que están en desventaxa con respecto aos que a teñen. Vamos a deixalo, e tamén podemos, algo que é certo que as tramitacións de Costas son morrer, non é, non son eternas, non, non, son peor que eternas, eso tamén o sabemos e os criterios cambian cada dous por tres, tamén o sabemos. Pero, volvemos ao fondo, é que, repito, se vostedes non sabían que o Estado lle podía facer eso, é máis, xa estaban advertidos ou o que sexa, desde logo moi inocentes, o sea, aceptan o marco e despois a aplicación do marco non. Repito, repito, o Sr. Cuiña acusaba ao BNG, eles eran os auténticos galeguistas e nacionalistas pero sen poñer o “telón de grelos”, o “telón de grelos no Padornelo”, está nas hemerotecas, ¡eh!, e demais. Bueno, eu non sei se con esto vostedes van máis alá e poñen o “telón de grelos”, non o sei, pero senón andan cerca. O que fora o Sr. Cuiña, eu tiña claro que el non era nacionalista, pero el programábase, que é outra cousa distinta, é outra cousa diferente, el programábase supoño que sería para integrar dentro do PP aos restos do, os restos, vamos, o que quedaba do Partido Galeguista ou o que fora, polo que fora, pero declarábase, entón tomámolo tal. E agora vostedes non se declaran co cal xa a contradición é brutal, porque diría que nós nacionalistas na fronteira ou non se sabe que, bueno, no espacio galáctico, pero no, no, no, ustedes, nós somos españolistas a tope, creemos en el Estado, tenemos que llevarnos todos bien, pero entramos en confrontación, é o que fan noutros lados, entrar en confrontación é horroroso pero no caso galego es bueno. Dá igual, vamos votarlle a favor porque é o que defendemos.

Sr. Presidente.- Ben, comunícolles que o táctil da parte do tempo non funciona, quedou, -¿que?, 2 minutos e 10 segundos-; e vamos, vale, vamos a cronometrar, aquí aparéceme, vouvos eu dicindo o tempo que aparece aquí e trato de axustar na medida do posible. Ben, ten a palabra o Voceiro do Grupo Socialista Carlos López Font. Aquí o tempo ponme que van 5 minutos e 8 segundos. Ten a palabra.



Sr. López Font.- Sra. Ramallo, que un Partido como el suyo, que recurre permanentemente al Tribunal Constitucional, hay que recordar lo que recurrió, divorcio, aborto y otras cosas, se sorprenda ahora de que haya recursos de inconstitucionalidad, pues ciertamente es sorprendente. No vaya por la vía del victimismo, no hay nada contra Galicia, el agravio lo han creado ustedes mismos. Mire, el gobierno del Partido Popular de la Xunta de Galicia tiene dos opciones, esperar la sentencia del Constitucional o iniciar un proceso de diálogo: No es cierto el proceso de diálogo previo, y la Ley unilateral gallega es un error, desde el punto de vista del mensaje político. Mucho habla de las industrias, ¿sabe que esta Ley podría permitir 300 hoteles en la costa en transformación de otro tipo de establecimientos? Es ese el modelo que tiene el Partido Popular, porque sería bueno que me contestara a esto. Mire, la Ley gallega, que ustedes han aprobado, se apropia de una competencia exclusiva del Estado y ya reconocida por el Tribunal Constitucional del dominio público marítimo terrestre. Y esto es lo importante porque estamos hablando del artículo 132 de la Constitución Española y estamos hablando de sentencias del Tribunal Constitucional. Pero mire Sra. Ramallo, si la Ley llega a incorporar unilateralmente el mar territorial al territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia; la Ley reduce indebidamente la protección de los terrenos contiguos a la rivera del mar. Y mire, cuando habla de agravio y de otras comunidades autónomas, claro que otras comunidades autónomas lo resolvieron, y fíjese que comunidades autónomas y de distinto color político lo resolvieron: Cataluña, Andalucía, Canarias y Baleares. ¿Cómo lo resolvieron? Por la vía de la legalidad, por la vía de ampliar el Estatuto de Autonomía que ustedes durante catorce años no han querido ampliar aquí, esa si que es la vía de la legalidad, Sra. Ramallo. Por lo tanto, ustedes durante catorce años no han movido un dedo por el Estatuto de Autonomía y ahora le sale esta vena, muy interesante el debate que el Sr. Mosquera y usted mantienen sobre el independentismo en el Partido Popular. Mire, ni Galicia ni ninguna otra Comunidad Autónoma puede asumir competencias o funciones no previstas en el Estatuto de Autonomía, ni en esta materia ni en ninguna otra. Por lo tanto, esto se trata de diálogo y se trata de haber tenido una posición favorable a las empresas que ustedes dicen defender. Lo que si es cierto es que esta Ley gallega del litoral es un artefacto político del Partido Popular; primero por la fecha, antes de las elecciones generales; segundo por el contenido, porque, ¡hombre!, tendrá que reconocer conmigo que un 40% de los artículos de la Ley se consideran inconstitucionales, son ciertamente importantes. Por lo tanto, todo este mensaje, que yo se que usted es una persona influyente dentro de su Partido, todo ese mensaje que nos traslada aquí hágaselo ver al Sr. Rueda y que el Sr. Rueda y su



gobierno sean dialogantes y sobre todo respetuosos con la Constitución que tanto dicen abrazar a pesar, como ya dije, de que no la votaron a favor.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Font. Pasouse 40 segundos. Bueno, teño que indicaros, é dicir, está bloqueado o que é a parte do tempo e tamén a de dar a palabra, pero vou, en canto diga o nome de cada un que ten a palabra desde o servizo de control pois van dando xa o acceso. O tempo non pode ser. E ten por último a palabra Dona María Ramallo.

Sra. Ramallo Vázquez.- Brevemente, para finalizar, agradezo o apoio do BNG, non somos nin nacionalistas nin independentistas; grazas polo de influente, Sr. Font, pero bueno ... ¡Ah! ¿Que pasa con esta norma? ¿Ao que afecta?, para que centremos o tiro: 2.690 edificacións xerais, por exemplo, vivendas; 392 edificacións industriais; 232 empresas, algunhas de grande importancia; 39 colexios; 44 edificios administrativos; 5 hoteis; 2 grandes centros comerciais; 75 instalacións deportivas cubertas e 109 descubertas; 59 lonxas; 111 mercados municipais; edificios de corpos policiais e de emerxencias; subestacións eléctricas; campings, por non falarlle dalgún faro. Eso é todo o que afecta, todo o que afecta a, sobre todo o recurso de ter paralizado, porque practicamente non se pode aplicar esta Lei, é eso todo o que afecta ao noso tecido produtivo. Que non entenda como é a nosa Costa e que non entenda que somos perfectamente competentes para aplicar distintas ademais estratexias do litoral que van a quedar no limbo, é que non entenden nin esta provincia especificamente nin todo o noso territorio. Polo tanto, temos un gran problema e o que tratamos e o que nos pide o sector é de que tratemos de arranxalo. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sra. Ramallo. Vamos entón a proceder á votación da Moción do Grupo Provincial do Partido Popular en relación á interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o 4 de xullo de 2023. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda aprobada por maioría.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e do BNG e cos votos en contra do PSdeG-PSOE, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) en relación á interposición dun recurso de inconstitucionalidade



contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo de 2023.

Dita Moción é como segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de outubro, o Goberno Central en funcións anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo.

Deste xeito, o executivo de Pedro Sánchez desbota calquera liña de diálogo coa Comunidade Autónoma de Galicia e pon en cuestión unha lei que respecta escrupulosamente a Constitución Española e as competencias nela establecidas.

O noso Estatuto de Autonomía reconece no seu artigo 27 que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral, e que por dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os Regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu artigo 114 vén de reconecer que as comunidades autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional (TC) veu de establecer que a titularidade estatal do dominio non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as CCAA do litoral exerzan as súas lexítimas competencias.

Ademais, o TC tamén vén de reconecer que nas comunidades autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación do litoral a facultade de outorgar títulos de ocupación do litoral intégrase na competencia máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.

A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia no que, tras analizar as sentenzas do TC nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.



Tendo en conta a opinión do Consultivo e todos os intentos realizados por parte do Goberno Central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo-terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano do noso litoral e que van en contra da propia identidade e dinámica do litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de Ordenación do Litoral de Galicia, que finalmente foi aprobada polo Parlamento galego.

Ao que debe engadirse que o Goberno Central non quixo sentarse coa Comunidade Autónoma para chegar a un acordo, senón que o que fixo foi acudir o máis pronto posible a un recurso de inconstitucionalidade para poder exercer o privilexio estatal de suspender unha lei autonómica.

Desde o Grupo Popular considérase imprescindible que Galicia non sexa tratada como unha comunidade de segunda, e que poida regular a súa costa para protexela máis e mellor.

De feito, a suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas. Poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións, das que 1.762 se corresponden coa provincia de Pontevedra, e de centos de empresas que operan na costa, decenas das cales se sitúan en bisbarras con tanta tradición mariñeira como O Salnés, ría de Pontevedra, O Morrazo, Vigo ou Baixo Miño.

Así mesmo, prexudícase directamente a millón e medio de galegos que viven no noso litoral e, no caso da nosa provincia de Pontevedra, a 24 concellos, como Pontecesures, Valga, Catoira, Vilagarcía, Vilanova, Cambados, A Illa de Arousa, O Grove, Sanxenxo, Poio, Pontevedra, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Redondela, Vigo, Nigrán, Baiona, Oia, O Rosal e A Guarda, nos que residen 674.505 veciños, o que supón o 71,5% do total da provincia.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO



1.- Expresar o rexeitamento da Deputación Provincial de Pontevedra ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e instar ao Goberno Central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa Comunidade Autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexítimas competencias exclusivas que á nosa Comunidade lle reconece o seu Estatuto.”

10.8071.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PSdeG-PSOE PARA EVITAR O COLAPSO ECONÓMICO DOS CONCELLOS AFECTADOS POLO CANON DE DEPURADORAS CREADO POLA LEI DO CICLO INTEGRAL DA AUGA E PARA INSTAR AO GOBERNO GALEGO Á POSTA EN MARCHA DUN PLAN REGRADO DE INVESTIMENTOS A PARTIR DOS INGRESOS DO CANON DE ABASTECIMIENTO. (EXPTE 2023064850)**

Sr. Presidente.- Seguinte punto da orde do día, número 10. Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para evitar o colapso económico dos concellos afectados polo canon de depuradoras creado pola Lei do Ciclo Integral da Auga e para instar ao Goberno galego á posta en marcha dun plan regrado de investimentos a partir dos ingresos do canon de abastecemento. Ten a palabra o Voceiro Socialista Carlos López Font.

Sr. López Font.- Bueno, pues como quiera que las mociones del Psoe son en relación con lo que afecta a los concellos, recordar que en relación con esta Ley del Ciclo del Agua fue la Diputación de Pontevedra la primera administración que advirtió de los graves efectos económicos que iba a suponer. La anterior Presidenta de la Diputación alertó de lo que se le venía encima a los concellos y literalmente que acabaría repercutiendo en el recibo que pagamos los consumidores. Recordar que presentó un estudio económico y no se le hizo ni caso, la Xunta negó la evidencia y miró para otro lado. Pero el resultado es que hoy, dos años después, se libran de golpe las primeras liquidaciones del canon de depuradoras y los alcaldes y alcaldesas no saben cómo van a pagar estos recibos. Este novedoso canon de gestión de las depuradoras, importante, es el primero de los tres impuestos creados por la nueva Ley, incluye el llamado impuesto a la lluvia coloquialmente, y como quiera que la lluvia anda como anda pues fíjense lo que va a suponer. No será porque esta Diputación no lo advirtiese. Echemos un vistazo a la hemeroteca, que es importante, en setiembre de 2021, Carmela Silva, advertía a Feijóo de que la Diputación analizará jurídicamente esta Ley y usará



todos los instrumentos legales para que no afecte a los concellos; Faro de Vigo también lo reconocía; GaliciaPress, Diario de Pontevedra; y resulta que el Gobierno de Galicia calificaba las declaraciones de la Diputación, de la Presidenta, de falsas y le pedía rectificación. Bueno, pues han pasado dos años, y los concellos, muchos, ya tienen sobre la mesa las dos primeras liquidaciones del impuesto a la lluvia, y han saltado todas las alarmas porque, evidentemente, este recibo y este impuesto es un auténtico sablazo. ¿Y ahora que responde la Xunta? Pues que la gestión autonómica de las depuradoras es voluntaria, dicen, y si los ayuntamientos lo prefieren que las gestionen ellos, entonces la Xunta se limitará a multarlos si el vertido es deficiente; y cuando gestiona ella misma como en la depuradora de Placeres, pues no tendrá en cuenta ni se sancionará, evidentemente. Pero vamos a los datos escalofriantes, hay concellos que ven como de los 50.000 euros que pasaban, que pagaban, por el coeficiente de vertido pasan a 500.000 euros; Baiona, que está su alcalde aquí, pasará de 233.000 a 415.000; y Moraña de 25.000 a 89.000. Tomen nota. Y los concellos que utilizan la depuradora de Placeres, Pontevedra, Marín y Poio, pasan de 2,3 millones a 3,9 millones; o Ribadumia, que pasará de 80.000 euros a 320.000. Es evidente que la forma en la que se repercute esto es a los vecinos. La Xunta es la única administración que renuncia a recaudar impuestos, cada vez recibe más fondos estatales y cada vez deriva más competencias a los concellos, evidentemente porque esto le sale gratis, eso sí, para reivindicar ante el Estado se las pintan rápido. Pero, mientras tanto, que aquí hay que hablar de los concellos, los concellos le hacemos el trabajo duro a la Xunta, en las competencias impropias, servicio ayuda al hogar, escuelas infantiles, gestión de franjas forestales, GES, y ahora en el caso del agua nos obliga a recaudar los impuestos autonómicos que van ocultos en el recibo municipal. El hecho es que dos años después y una vez que los papeles llegan a cada concello se cumple lamentablemente el vaticinio que había hecho la anterior Presidenta de la Diputación, porque ya hace un par de semanas que llueve mucho y este canon de gestión de depuradoras, insisto, conocido como impuesto a la lluvia, va a gravar y mucho, y Aguas de Galicia se está poniendo las botas. Decía la Conselleira Ethel Vázquez en 2021 que las afirmaciones de Carmela Silva eran falsas y que no incrementaba el 180%, pues se ha confirmado que sí y los alcaldes que reciben los papeles lo tienen suficientemente claro. Y hay más, porque la Lei también modificó el antiguo canon, el antiguo canon del agua, convirtiéndolo en nuevo canon de abastecimiento que cobrará por el 20% de las pérdidas. La pregunta final a todo esto y a esta situación es ¿qué va a hacer la Diputación de Pontevedra que como institución fue la primera que denunció que esto iba a ser? ¿Qué van a hacer los



alcaldes del Grupo Popular aquí sentados cuando reciban, que ya los han recibido, los impuestos? ¿Se van a quedar callados como siempre o no? Nosotros, desde luego, desde la oposición no nos quedamos callados y reivindicamos en esta moción un trato correcto a los concellos. Gracias.

Sr. Presidente.- Ben, grazas Sr. Font. Ten a palabra o Voceiro do Partido Popular Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Ben, bueno. Entrando no fondo da cuestión o primeiro que hai que dicir é que esta normativa e as súas correspondentes taxas están orientadas ao financiamento dun servizo que é voluntario para os concellos e que presta a Xunta de Galicia, que ademais, inviste nesta materia o triplo do que recauda. Este canon que supón uns 57 millóns de euros anuais a Augas de Galicia adica por este concepto aos concellos un total de 150 millóns de euros por exercicio. O que eu quero preguntar é, ¿cando vostedes falan do cobro de impostos ou da suba dos mesmo polo Goberno Central ou nos concellos nos que gobernan, xustificano en que é necesario a prestar servizos? ¿e a Xunta que?, ¿como consegue os recursos? ¡Soprándolle ao vento!, teñen vostedes sempre a lei do embudo. Miren, estas competencias que son municipais, e moitos concellos levan anos pagando por este servizo de colaboración e axuda que lles presta a Xunta sen protestar, porque o lóxico é cobrar por un servizo, pero dá a sensación de que con esta moción tratan de saír ao rescate soamente dos concellos gobernados polo seu partido político. E a lista deles, que reflicten na moción, me refiro, que non teñen cartos pola súa propia xestión ou por dar razóns nas que non entramos. Evidentemente que esto afecta aos concellos que teñen o sistema de depuración e de verquido xestionado pola Xunta de Galicia. Pero ademais na Moción, ademais, inclúen unha mentira flagrante, sempre aducen a isto, non lle vou a pedir que pidan desculpas porque xa sería perder o tempo. Porque din que todos os fondos de Augas de Galicia son para concellos do Partido Popular. E, ¿saben cal é o maior investimento, nesta provincia en materia de saneamento?, en Vilagarcía de Arousa, gobernada polo Partido Socialista, que vén de recibir 10 millóns de euros en saneamento e onde están reservados xa outros 23 para a ampliación da depuradora, 33 millóns de euros, que estou seguro que é máis do que suma toda a inversión en concellos do Partido Popular nesa comarca. Tamén é falso, como practicamente a maioría das cousas que pronostican nesta Moción, que haxa unha suba do 60%, o que hai en ocasións é un sobre coste pola contaminación excesiva que hai que tratar e que non debería producirse se as redes municipais estivesen en bo estado. Esto



sabemos que en todos os concellos temos o mesmo problema, pero resulta que os concellos onde se xestiona directamente a súa infraestrutura o asumen os concellos, entón, aquí o que se está propondo é un copago. E, polo tanto, é algo voluntario permanecer aquí; non son vostedes os que din moitas veces, e é algo no que concordo, que os concellos somos maiores de idade e que non necesitamos tutelas. Pois é o que temos que facer, ser responsables coas nosas competencias e cando hai algún negligencia que a Xunta nos arranxa, pois tamén asumir a nosa colaboración. Máis nada Presidente por agora.

Sr. Presidente.- Moitas grazas Sr. Cubela. Ten a palabra o Voceiro Socialista, Carlos López Font.

Sr. López Font.- Pues la verdad es que para hacer esta defensa era preferible que no la hiciera un alcalde del Partido Popular, Sr. Cubela. Mire, el título de esta Moción no es absolutamente casual, “evitar el colapso económico de los concellos”, en un engaño de la Xunta con esta Lei, con la que no contaban los concellos, de los incrementos. Porque me ha hablado de unos incrementos pero me gustaría que me pudiera rebatir los incrementos que se convierten en recibo que los alcaldes y alcaldesas tienen en sus cajones. Por lo tanto, de lo que estamos hablando aquí, Sr. Cubela, es de la viabilidad económica de los concellos; y es de 20 concellos independientemente del color político, que dado que cobran a outros, también le supone esto. No le voy a relacionar los concellos y no se olviden que varias de estas depuradoras reciben agua de varios ayuntamientos. Pero miren, esto debe de ser muy sencillo, porque la preocupación en alcaldes y alcaldesas también del Grupo Popular, Sr. Cubela, van a presentar recursos, la FEGAMP está recogiendo sus inquietudes, y lo que si es cierto es que esto, lo que va a significar es, que los alcaldes y alcaldesas han abierto la veda de los impuestos, y aquí es donde se lo tiene que hacer mirar en relación con su grupo, porque para pagar este Ciclo del Agua se van a aumentar impuestos en concellos donde gobiernan ustedes. Como le veo últimamente mal informado pues le voy a recordar: Marín, Sanxenxo y A Estrada, han sido los primeros. Y Marín y Sanxenxo han emitido notas de prensa en las que justifican las subidas del IBI y del Impuesto de Circulación por el impacto de la subida de la hora en el Servicio de Ayuda en el Hogar, el SAD, y a continuación en una declaración que no tiene precedente y que no tiene desperdicio, el alcalde de la Estrada dice, en unas acertadísimas declaraciones, que el SAD es un regalo envenenado, es cierto que se le olvidó decir quién le hizo ese regalo, le recuerdo yo que el regalo envenenado viene de parte de la Xunta de Galicia. También luego lo extendió a



las Escuelas Infantiles y también ahora se ha incorporado el Concello de A Guarda, tranquilos, lo que es evidente es que esta repercusión económica va a ir directamente afectando a los ciudadanos, y lo que es evidente es que las declaraciones que hizo la Conselleira Ethel Vázquez no se corresponden con lo que finalmente ha surgido. Por lo tanto, la sanidad y la educación son competencias autonómicas, se financian con transferencias estatales, y si llega una pandemia hay más fondos adicionales, pero lo que si es cierto es que la gestión de las depuradoras a esas competencias impropias que sufren los concellos, es la puntilla, el último sablazo y parece que un alcalde del Partido Popular lo defiende de forma muy ferviente. Gracias.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Font. Ten a palabra D. Jorge Cubela.

Sr. Cubela López.- Ben, como vostede di que eu veño mal informado e estou seguro de que vostede vén perfectamente informado, saberá que este tributo ambiental foi aprobado primeiramente en Comunidades Autónomas que anteriormente eran gobernadas polo seu Partido. Anteriormente, porque moitas delas tiveron cambio de goberno no mes de maio, ademais de repetir que se cobra por un servizo que, xa digo, os concellos son voluntarios para formar parte deste sistema. Pero ademais me pregunto, ¿cando vostedes falan e defenden a fiscalidade que imponen dende o Goberno de España pola transición ecolóxica, eso é para vostedes ou os demais non poden facer o mesmo e dotar de recursos ás institucións e ás administracións para a preservación ambiental i seguir investindo nesta materia? Volven a ter aquí a lei do embudo, coma sempre. Outra cousa ¿as contías que se cobran por este servizo en Galicia son das máis baixas en España, por se non o saben, pero se quere centrar a súa preocupación na fiscalidade e nos ingresos dos concellos imos a falar tamén do que está afectando nestes momentos dunha forma grave aos concellos da provincia de Pontevedra que foron beneficiarios das subvencións do IDAE do Ministerio de Transición Ecolóxica, un auténtico pufo. Estas deudas que están acarreado e contraendo os concellos son millonarias na nosa provincia, Sr. Font, levan máis de 15 meses de retraso e ademais non hai data para o pago. A Estrada, se lle adeuda 1.600.000 euros; Moaña, 1.400.000 euros e pagando intereses dun crédito que tivo que pagar, que contraer para financiar estas actuacións; Pontearreas e Lalín, se lles adeuda 4.000.000 de euros dun plan que teñen executado i xustificado dentro do prazo pertinente. ¿Saben o que está ocasionando este retraso no pago i na transferencia dos cartos que lle corresponden aos concellos por parte do Ministerio que goberna o seu Partido en Madrid? Plans de axuste económico i a



retención xa nalgúns casos do 50% das transferencias da participación de ingresos do Estado, unha das partes de ingresos máis importantes coas que se financian os servizos municipais dos concellos. Esta é a diferenza, díganlle ao seu Partido en Madrid que lle paguen o que lle deben aos concellos da provincia de Pontevedra, que a Xunta legisla igual para todos.

Sr. Presidente.- Grazas Sr. Cubela. Ten a palabra D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- Que la Xunta no legisla para todos igual es una evidencia y el problema es que la Diputación de Pontevedra, este nuevo gobierno, tampoco va a legislar de la misma forma para todos los concellos y tendremos ocasión de demostrárselo. Mire, como no quiero que me conteste a una mentira en otro turno de intervención le voy a desmontar la mentira de Vilagarcía. Sr. Cubela, los fondos de Vilagarcía son fondos europeos, la Xunta no pone ni un euro, aguas de Galicia en donde únicamente gasta es en Marín y en Lalín, y precisamente lo que se reivindica es que haya un plan, si, si, ríase con la Alcaldesa de Marín, ríanse, ríanse los dos que se ríen los concellos mucho de que no haya un plan cuatrienal en el que revierta lo que se aporta. Por lo tanto, mire, aquí hay una realidad y es que la Conselleira engañó a los concellos cuando dijo que no iba a tener esa repercusión, la realidad es que son tres impuestos, y la realidad es que si este Gobierno y este Presidente que se declara tan municipalista, de forma permanente se preocupa realmente de los concellos; hoy es el día de defenderles y hoy es el día de no hacer un seguidismo de la Xunta y lo que es evidente y no me ha podido rebatir es que las cantidades que van a tener que pagar los concellos están todavía por encima del 180% que se anticipó. Y le pongo dos ejemplos, ¿quién gobierna en Moraña?, Sr. Cubela, ¿o ya no se acuerda quién gobierna en Moraña? Pues en Moraña supone el 245% en relación con lo que tenían. ¿Quién gobierna en Ribadumia? El Partido Popular, supone el 300%. Por lo tanto, este canon por esta gestión es el primero de los tres sablazos que ustedes defienden aquí. Estamos finalizando el Pleno, ¿saben cuál es la peor conclusión que se puede sacar?, que este nuevo gobierno de la Diputación parece más una Consellería de la Xunta de Galicia que un gobierno con entidad propia.

Sr. Presidente.- Ben, vamos entón a proceder á votación desta Moción, e, bueno como un único apunte, facían referencia a Vilagarcía e eu na miña condición de exdelegado da Xunta, onde tiña coñecemento dos investimentos, esta afirmación que vostede fai, e tamén por proximidade, que estou vendo as obras todos os días, e eu, a afirmación que fai o Voceiro Socialista pois non se corresponde coa



realidade. Dito iso vamos a proceder ao que é a votación. Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para evitar o colapso económico dos concellos afectados polo canon de depuradoras creado pola Lei do Ciclo Integral da Auga e para instar ao Goberno Galego á posta en marcha dun plan regrado de investimentos a partir dos ingresos do canon de abastecemento. ¿Votos a favor? ¿Abstencións? ¿Votos en contra? Queda ... ¡Perdón! A ver, Sr. Mosquera ten razón, ás veces o subconsciente, pero era, corrixo, Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE, pido desculpas.

O Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente, acorda por maioría de votos en contra do PP e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE para evitar o colapso económico dos concellos afectados polo canon de depuradoras creado pola Lei do Ciclo Integral da Auga e para instar ao goberno galego á posta en marcha dun plan regrado de investimentos a partir dos ingresos do canon de abastecemento.

11.8072.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Non houbo.

b) Parte de información e control:

12.8073.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE SETEMBRO DE 2023 (EXPTES. 2023063986 – 2023062357)**

Sr. Presidente.- Ben, vamos entón a, ao punto número 12. Que é dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2023. Cónstanos na documentación do Pleno.

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de setembro de 2023, asinado conxuntamente polo Interventor e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 5 de outubro de 2023, onde deixan constancia do seguinte:



“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de setembro de 2023 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES SETEMBRO 2023

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Setembro	5,9427719824	6.867.762,97	4,2905113317	1.397.192,59	5,6634569491
Escola de Enfermería	Setembro	2,0000000000	2.374,02	0,0000000000	0,00	2,0000000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Setembro	20,9424332019	23.709,50	4,6298344598	12.091,32	15,4330384053
Consorcio Deza Tabeirós	Setembro	3,9774686900	6.875,32	11,6271353000	3.344,43	6,4808346726
TOTAL			6.900.721,81		1.412.628,34	5,7054875741

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que **se cumpre** co período medio de pago legalmente previsto”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2023 tomou coñecemento do contido do



informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de setembro de 2023 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e Salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

13.8074.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN RELATIVO Ó CUMPRIMENTO DURANTE O 3º TRIMESTRE DO 2023 DOS PRAZOS DE PAGO DE OBRIGAS EN RELACIÓN CO DISPOSTO NA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS (EXPTES. 2023063995 – 2023062655).**

Sr. Presidente.- Punto número 13. Dar conta do informe de Intervención relativo ó cumprimento durante o 3º trimestre do 2023 dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Consta na documentación do Pleno.

A Intervención con data 17 de outubro de 2023, elaborou un informe asinado polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría e pola Viceinterventora, dando conta do cumprimento pola Deputación de Pontevedra, a Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e o Consorcio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o terceiro trimestre do 2023, en relación co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, onde se deixa constancia do seguinte:



“A Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais establece no seu artigo 4º que as corporacións locais elaborarán un informe trimestral sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas previstos en dita lei, informe que debe remitirse aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao das Comunidades Autónomas que teñan atribuída a tutela financeira das entidades locais. Dita información poderá ser utilizada polas Administracións receptoras para a elaboración dun informe periódico e de carácter público sobre o cumprimento de prazos para o pago por parte das Administracións Públicas.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe de cumprimento pola Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios da Comarca do Deza e Tabeirós dos prazos para o pago das obrigas correspondente ao 3º trimestre de 2023, que se expón a continuación:

INFORME DE CUMPRIMENTO DE PRAZOS PARA O PAGO DE OBRIGAS CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2023

1. Con referencia á data de conformidade da factura:

➤ Pagos realizados:

Pagos realizados	Período Medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº Pagos	Importe Total	Nº Pagos	Importe Total
Deputación de Pontevedra	8	3.720	19.653.871,18 €	20	40.621,68 €
Escola de Enfermería	17	6	8.342,13 €	2	2.454,02 €
Consorcio Provincial	18	132	97.016,85 €	4	956,82 €
Consorcio Deza e Tabeirós	9	73	32.700,77 €	0	0,00 €

➤ Facturas pendentes de pago:

Facturas pendentes de pago	Período Medio pendente pago (PMPP) (días)	Pendentes de pago no período			
		Dentro Período Legal Prazo		Fóra Período Legal Prazo	
		Nº operacións	Importe total	Nº operacións	Importe Total
Deputación de Pontevedra	4	365	1.276.422,69 €	4	2.472,33 €
Escola de	0	0	0,00 €	0	0,00 €



Enfermería					
Consortio Provincial	5	4	12.091,32 €	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	11	17	3.444,43 €	0	0,00 €

2. Intereses de demora pagados:

Intereses de demora pagados	Número de pagos	Importe total intereses
Deputación de Pontevedra	0	0,00 €
Escola de Enfermería	0	0,00 €
Consortio Provincial	0	0,00 €
Consortio Deza e Tabeirós	0	0,00 €

En base ós cálculos detallados neste informe podemos concluir que se cumpre co prazo de pago a provedores legalmente establecido”.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 20 de outubro de 2023 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza Tabeirós, durante o terceiro trimestre de 2023, dos prazos de pago de obrigas en relación co disposto na Lei 15/2010 de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

De acordo co disposto na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, o Pleno queda enterado do contido do informe trimestral da Intervención sobre o cumprimento, pola Deputación de Pontevedra, Escola Universitaria de Enfermería, Consortio Provincial contra incendios e salvamento e Consortio contra incendios Deza Tabeirós, dos prazos de pago de obrigas durante o terceiro trimestre de 2023.

14.8075.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Sr. Presidente.- E tamén consta e así se recolle no expediente, que é o punto número 14 que é dar conta das Resolucións Presidenciais.

Queda enterado o Pleno das seguintes:



- a) Relación de extractos de Resolúcións Presidenciais rexistradas electrónicamente entre os días 26 de setembro e o 23 de outubro de 2023.
- b) Relación de extractos de Resolúcións do ORAL comprendidas entre o 26 de setembro e o 23 de outubro de 2023.

Nestes intreos, sendo as 14:03 horas, abandona a sesión o Sr. Deputado D. Roberto José Álvarez Carrero (PP).

15.8076.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Sr. Presidente.- E por último, Rogos e preguntas. Vai a formular as preguntas o voceiro D. Carlos López Font.

Sr. López Font.- Si, una pregunta para el Pleno. Continuando con el debate abierto en la modificación de crédito solicitamos respuesta clara sobre este asunto. ¿Tiene previsto el Presidente de la Diputación firmar un convenio con el Concello de Pontearreas para el desarrollo del suelo urbanizable INDE 01-A Lomba, en línea con las prioridades manifestadas por el Concello de Pontearreas en substitución de la aportación de 441.000 euros, 296,51, que estaba aprobada en el marco del convenio de Infraestructuras para las obras de mejora de la seguridad viaria de la Avda. Sarmiento Rivera-EP-4006?

Sr. Presidente.- Formula ahora a seguinte palabra Dona Ana Laura Iglesias González.

Sra. Iglesias González.- Gracias Presidente. Logo de que por fin se nos tuvera permitido o acceso ao expediente relativo a cesión do uso do Castelo de Soutomaior para a celebración dun acto do Partido Popular, celebrado o pasado mes de agosto, puidemos comprobar que non aparece xustificado no expediente ningunha das condicións de obrigado cumprimento que a xefa do Servizo de Turismo fixou no seu ...?

Sr. Presidente.- Son preguntas, ¡eh!

Sra. Iglesias González.- Si, é que é para introducir e nada máis.



Sr. Presidente.- Si, bueno, pero lembrade que eu estiven aquí de deputado e a anterior Presidenta baixo ningún concepto, así que agora predicade co exemplo.

Sra. Iglesias González.- Nada, lle fago a pregunta, é para introducila nada máis, non ...

Sr. Presidente.- Si, bueno, pero as introducións, predicade co exemplo, o que diciades antes non o digades, ¿vale?

Sra. Iglesias González.- Nada, que non aparecen estes documentos polo tanto ...

Sr. Presidente.- ¿Cal é a pregunta? ¿Cal é a pregunta?

Sra. Iglesias González.- Solicitamos, concretamente, ¿pregúntolle que si o solicitante, concretamente o Sr. D. José Luis Fernández Villar, como Xerente autonómico do Partido Popular de Galicia, deu cumprimento das obrigas recollidas nos informes emitidos pola Xefa do Servizo de Turismo, en datas 16 e 23 de agosto en tódolos seus termos?.

Sr. Presidente.- ¿Máis preguntas?

Sra. Iglesias González.- E a última pregunta, tamén neste, dentro deste expediente co tema da Resolución, da RP que foi asinada polo Sr. Tourís e non pola Deputada-Delegada de Turismo, Nava Castro, ¡eh!, ¿queremos saber se se lle otorgou unha delegación en materia de Turismo ao Sr. Tourís para asinar esa autorización, ou visto o visto confundiron o seu papel de Diputado e Vicesecretario de acción electoral do PP xa que non consta neste expediente nin a RP de delegación de competencias ...?

Sr. Presidente.- ¿Pregunta?

Sra. Iglesias González.- Esa. Nin se fai mención, estou acabando a pregunta, nin se fai mención da autorización asinada polo Sr. Tourís.

Sr. Presidente.- Vamos ter que dar unhas nocións de preguntas ¡eh!.

Sra. Iglesias González.- É que é unha pregunta longa pero é unha pregunta.



Sr. Presidente.- Vale, tomade, eu non vos teño que explicar nada, tomade nota do que dicía a anterior Presidenta. Nada máis. É o que vos pido. Aplicamos o mesmo criterio, ¿vale?

Sra. Iglesias González.- Pero é que a pregunta é esta.

Sr. Presidente.- Aplicamos o mesmo criterio que o do anterior mandato e xa está. Vale. Moi ben. Non sei si por parte do Bloque Nacionalista, ¿algunha pregunta? Non. Bueno, pois damos por finalizado este Pleno. Moi bo día e grazas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e seis minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará a Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

